



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE TRINTA DE NOVIEMBRE DE DOS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 49)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Alvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta de novembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten as señoras Deputadas D^a. Mayra García Bermúdez e D^a. M^a. del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de novembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MONDOÑEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3106 “OS REMEDIOS (N-634A) - ESTELO ROMARÍZ (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 - 10+020 E LU-P-3108 “VILOILLE (LU-160) –FIGUEIRAS”, P.K. 0+785-4+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

I) Por acordo da Xunta de Goberno de data 03 de agosto de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 165.559,09 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 34.767,41€ en concepto de IVE, correspondente á obra: MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-3106 “Os Remedios (N-634A) – Estelo Romariz (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 – 10+020 e LU-P-3108 “Viloille (LU-160) – Figueiras”, P.K. 0+785 – 4+000.

II) Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 09 de agosto de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

III) En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 02 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra MONDOÑEDO.-Rehabilitación de firme LU-P-3106 “Os Remedios (N-634A) – Estelo Romariz (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 – 10+020 e LU-P-3108 “Viloille (LU-160) – Figueiras”, P.K. 0+785 – 4+000 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 09 de agosto de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

MONDOÑEDO.-REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3106 “OS REMEDIOS (N-634A) – ESTELO ROMARIZ (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 – 10+020 E LU-P-3108 “VILOILLE (LU-160) – FIGUEIRAS”, P.K. 0+785 – 4+000 (EX0310B-PERF 17/19-AB)
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

200.326,50		DE IVE (partida independente)	MELLORAS			
165.559,09	34.767,41		IMP. SIN IVE	23,75	IMP CON IVE	34,19
NO			IMP. GX e BI	28,26		
6		MAXIMO				
		8.277,95				

EMPRESAS / (GRUPO)		(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)					
							34,19		
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	149.946,09 €	100,00	2.559,12	200,00 €	9/0	74,85%	25,15%	147.386,97 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	192.814,26 €	70,00	2.303,55	406,99 €	87/1	96,25%	3,75%	190.510,71 €
3	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	181.500,00 €	250,00	7.744,04	6.800,00 €	184/3	90,60%	9,40%	173.755,96 €
4	SEIJO EMPRESA CONSTRUCTORA SA	190.310,18 €	1.300,00	42.224,65	1.000,00 €	11/0	95,00%	5,00%	148.085,53 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormal consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		147.386,97 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		190.510,71 €
3	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL		173.755,96 €
4	SEIJO EMPRESA CONSTRUCTORA SA		148.085,53 €

MEDIA	NOVA MEDIA
164.934,79	156.409,49

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
148.441,31	140.768,54

10% ENCIMA
181.428,27



A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormal, realizouse a valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		149.946,09 €	75,00	100,00	1,54	200,00 €	0,15	76,69
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		192.814,26 €	11,18	70,00	1,08	406,99 €	0,30	12,56
3	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL		181.500,00 €	28,03	250,00	3,85	6.800,00 €	5,00	36,88
4	SEIJO EMPRESA CONSTRUCTORA SA		190.310,18 €	14,91	1.300,00	20,00	1.000,00 €	0,74	35,65

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou que se eleve ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 26 de outubro de 2018 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

1. Avocar as competencias para este acto nesta Presidencia, por razóns técnicas e de celeridade administrativa.
2. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	76,69
2	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	36,88
3	SEIJO EMPRESA CONSTRUCTORA SA	35,65
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL	12,56

3. Requerir ao contratista CANTERAS ISIDRO OTERO SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

VI) Por escrito de data 05 de novembro de 2018 foi requirida a mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 6.196,12 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar a execución da obra MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-3106 “Os Remedios (N-634A) – Estelo Romariz (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 – 10+020 E LU-P-3108 “Viloille (LU-160) – Figueiras”, P.K. 0+785 – 4+000 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 03 de agosto de 2018, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 149.946,09€ dos cales 26.023,70€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 100 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2. Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.
3. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-3106 “Os Remedios (N-634A) – Estelo Romariz (LU-P-0101)”, P.K. 8+570 – 10+020 E LU-P-3108 “Viloille (LU-160) – Figueiras”, P.K. 0+785 – 4+000 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 03 de agosto de 2018, á mercantil CANTERAS ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello, no prezo de 149.946,09€ dos cales 26.023,70€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 100 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán

esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE LUGO, POBRA DO BROLLÓN E XERMADE, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 E 2017.

Visto o escrito do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, polo que se propón a modificación do epígrafe do presente asunto, por terse producido erro ao facilitar o título do mesmo para a inclusión na Orde do Día dado que o escrito referido a Xermade correspóndese con investimentos do ano 2017. Polo que se corrixe a denominación do punto tres da Orde do Día quedando como segue: **“PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE LUGO, POBRA DO BROLLÓN E XERMADE, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 E 2017”.**

1º.- Proposta en relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón solicitando prórroga para o prazo de adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón, nos que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.
2. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.
3. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.
4. Pola Xunta de Goberno, en data 26 de outubro de 2018, acordouse que as solicitudes de prórrogas para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto na base 18 (31 de outubro de 2018), pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.

5. As Alcaldías dos concellos de Lugo e Pobra do Brollón solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

1. CONCELLO DE LUGO :

O concello de LUGO incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

LUGO	125	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN EN RÚA DOS CHAOS E CAMIÑO DE LIÑARES				
		FINANCIACIÓN	99.970,43	7.783,81	107.754,24		X
	126	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DE VIAL DENDE MILLEIRÓS A TOLDA DE MILLEIRÓS				
		FINANCIACIÓN	75.211,18	5.856,02	81.067,20		X
	127	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN CASTELO				
		FINANCIACIÓN	67.350,57	5.243,99	72.594,56		X
	128	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE ABASTECIMENTO EN CAMIÑO DE BARREIRO E SAN FIZ				
		FINANCIACIÓN	96.150,37	7.486,37	103.636,74		X
	129	IDENTIFICACIÓN	FORMIGONADO DE CUNETAS EN ESPERANTE				
		FINANCIACIÓN	41.784,48	3.253,39	45.037,87		X
	130	IDENTIFICACIÓN	REXENERACIÓN DE FIRME NO CAMIÑO DO MUIÑO (SANTO ANDRÉ DE CASTRO), (segundo coordenadas UTM).				
		FINANCIACIÓN	14.230,04	1.107,97	15.338,01		X
	131	IDENTIFICACIÓN	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE ACCESO A MAZOI (segundo coordenadas UTM)				
		FINANCIACIÓN	39.504,19	3.075,84	42.580,03		X
	132	IDENTIFICACIÓN	REFORMA DA ESCOLA DE DAQUELCABO (BASCUS)				
		FINANCIACIÓN	18.215,28	1.418,26	19.633,54	X	
	133	IDENTIFICACIÓN	REFORMA DO LOCAL SOCIAL DO BURGO				
		FINANCIACIÓN	16.150,83	1.257,52	17.408,35	X	
	134	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA DE JAVIER KRAHE NOS XARDÍNS DA INTERSECCIÓN DAS RÚAS PAXARIÑOS E RAMÓN MONTENEGRO				
		FINANCIACIÓN	31.432,63	2.447,37	33.880,00	X	

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 26 de outubro de 2018, concedeuse ao Concello de Lugo as seguintes prórrogas segundo os investimentos que se sinalan:



INVERTEMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
127	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN CASTELO	30-12-2018
128	PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE ABASTECIMENTO EN CAMIÑO DE BARREIRO E SAN FIZ	30-12-2018
134	CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA DE JAVIER KRAHE NOS XARDÍNS DA INTERSECCIÓN DAS RÚAS PAXARIÑOS E RAMÓN MONTENEGRO	30-05-2019

A Alcaldía do Concello de Lugo, a través de escrito de data 26 de novembro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... na data que se solicitou a prórroga referida, o Concello de Lugo estaba en disposición de adxudicar os contratos das obras ..., non obstante, no mes de outubro, no momento da fiscalización da proposta para a adxudicación dos contratos e culminación do procedemento, a importante e gran ausencia de persoal demorou o último tr (...) ” ata os prazos que se sinalan:

INVERTEMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
125	PAVIMENTACIÓN EN RÚA DOS CHAOS E CAMIÑO DE LIÑARES	30-11-2018
126	PAVIMENTACIÓN DE VIAL DENDE MILLEIRÓS A TOLDA DE MILLEIRÓS	30-11-2018

2. CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN :

O concello de Pobra do Brollón incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

POBRA DE BROLLÓN (A)	214	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL DE PARADA DOS MONTES, INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	17.069,13	0,00	17.069,13		X
	215	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO ÁS LACEIRAS, P.K. 0+165 - 0+755, INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	22.900,99	0,00	22.900,99		X
	216	IDENTIFICACIÓN	REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: DE AREAS AO CAMPO, DO ALTO DE SANTA LUCÍA A POUSA E ACCESO A BARRIO, P.K. 0+000 - 3+225, INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	58.736,09	11.412,60	70.148,69		X
	217	IDENTIFICACIÓN	REXENERACIÓN DE RÚA DA IGREXA EN SALCEDO, RÚA DO PACIO EN PIÑO E RÚA DE ABAIXO EN OUTARA, (segundo coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	41.489,09	0,00	41.489,09		X

A Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, a través de escrito de data 26 de novembro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... tendo en conta o retraso da derradeira autorización da Deputación de Lugo (...) ” ata os prazos que se sinalan:

<i>INVESTIMENTO</i>		<i>PRORROGA ADJUDICACIÓN ATA</i>
<i>Nº</i>	<i>IDENTIFICACIÓN</i>	
214	ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL DE PARADA DOS MONTES, INCLUÍDO HONORARIOS	30-03-2019
215	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO ÁS LACEIRAS, P.K. 0+165 - 0+755, INCLUÍDO HONORARIOS	30-03-2019
216	REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: DE AREAS AO CAMPO, DO ALTO DE SANTA LUCÍA A POUSA E ACCESO A BARRIO, P.K. 0+000 - 3+225, INCLUÍDO HONORARIOS	30-03-2019
217	REXENERACIÓN DE RÚA DA IGREXA EN SALCEDO, RÚA DO PACIO EN PIÑO E RÚA DE ABAIXO EN OUTARA, (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	30-03-2019

En relación con estas solicitudes das alcaldías dos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón, e tendo en conta os motivos que aduce, cabe admitir a solicitude de prórroga, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada, trámite que non se levou a cabo nestas datas.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo. Neste caso concreto non se

iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2018, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de solicitude de prorroga do prazo de adxudicación dos investimentos indicados, incluídos no Plan único 2018, dos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón, debe entenderse presentadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestimento.

O propio Plan único prevé na base 20 un sistema de liquidación conxunta e para cada Concello, que naturalmente non está realizada, xa que logo, o plan esta vixente e non está declarada, respecto do concello solicitante, a perda do dereito a realizar trámites concretos.

6. Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos de Lugo e Pobra do Brollón, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga aos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Lugo e Pobra do Brollón, e en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a adxudicación dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
125	PAVIMENTACIÓN EN RÚA DOS CHAOS E CAMIÑO DE LIÑARES	LUGO	30-11-2018
126	PAVIMENTACIÓN DE VIAL DENDE MILLEIRÓS A TOLDA DE MILLEIRÓS		30-11-2018
214	ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL DE PARADA DOS MONTES, INCLUÍDO HONORARIOS	POBRA DO BROLLÓN	30-03-2019
215	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO ÁS LACEIRAS, P.K. 0+165 - 0+755, INCLUÍDO HONORARIOS		30-03-2019
216	REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: DE ÁREAS AO CAMPO, DO ALTO DE SANTA LUCÍA A POUSA E ACCESO A BARRIO, P.K. 0+000 - 3+225, INCLUÍDO HONORARIOS		30-03-2019
217	REXENERACIÓN DE RÚA DA IGREXA EN SALCEDO, RÚA DO PACIO EN PIÑO E RÚA DE ABAIXO EN OUTARA, (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS		30-03-2019

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

2º.- Proposta en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade solicitando prórroga para o prazo de adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do concello de Xermade, no que solicita unha prórroga para a execución e xustificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.
2. O Plan ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas as obras que se sinalan.
3. Na base 20 establécese que “todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.
4. Pola Xunta de Goberno, en data 26 de outubro de 2018, acordouse que as solicitudes de prórrogas para execución e xustificación dos investimentos incluídos no plan único 2017, feitas dentro do prazo (31 outubro de 2018) indicado nas bases, pero recibidas nesta Deputación con posterioridade a esta data (31 de outubro de 2018) poidan ser autorizadas pola propia Xunta de Goberno inda que o acordo sexa con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.
5. Pola Alcaldía do Concello de Xermade solicítase unha prórroga para a súa execución e xustificación de investimentos, polos motivos e prazos que se sinalan:

3. CONCELLO DE XERMADE:

O concello de XERMADE incluíu ao abeiro do Plan único 2017 os seguintes investimentos:

XERMADE	259	IDENTIFICACIÓN	REPARACIÓN E MELLORA DE FIRME EN DOUS VIAIS EN LOUSADA E NA ESCOLA DE MIRAZ, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACIÓN DE PROXECTO				
		FINANCIACIÓN	91.021,28	15.325,20	106.346,48	X	
	260	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DE FIRME NA ESCOLA DE CANDAMIL E NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOMÁN, INCLUÍDO REDACIÓN DE PROXECTO				
		FINANCIACIÓN	19.349,40	0,00	19.349,40		X

	261	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE ALUMEADOS PÚBLICOS EN MOMÁN, (segundo coordenadas UTM)				
		FINANCIACIÓN	24.000,00	0,00	24.000,00		X
	262	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO DE RESERVA ANTIINCENDIOS EN ROUPAR, INCLÚIDO REDACIÓN DE PROXECTO				
		FINANCIACIÓN	10.484,00	0,00	10.484,00	X	
	263	IDENTIFICACIÓN	INSTALACIÓN DE EQUIPO DE CONTROL E DOSIFICACIÓN DE CLORO NOS DEPÓSITOS DE MOMÁN E VILACIDE				
		FINANCIACIÓN	10.890,00	0,00	10.890,00		X
	264	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA SERVICIOS SOCIAIS E SERVIZO DE AUGAS				
		FINANCIACIÓN	10.000,00	0,00	10.000,00		X
	265	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE CAMIÓN GUINDASTRE				
		FINANCIACIÓN	22.000,00	0,00	22.000,00		X

Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xuño de 2018, aprobouse incluír con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos inicialmente incluídos no plan único 2017 o investimento:

INVESTIMENTO	CUSTO TOTAL	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN
REPARACIÓN DUNHA ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE MOMÁN (según coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS	4.000,00€	0,00€	4.000,00€

A Alcaldía do Concello de Xermade, a través de escrito de 28 de novembro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación do investimento que se indica, segundo xustificación que consta no expediente, e que en síntese atinxe a ... inclemencias metereolóxicas (...); ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
REPARACIÓN DUNHA ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE MOMÁN (según coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS	10-12-2018	10-12-2018

En relación con esta solicitude da alcaldía do Concello de Xermade, e tendo en conta os motivos que aduce, cabe admitir a solicitude de prórroga, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto

na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada, trámite que non se levou a cabo nestas datas.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de xustificación da adxudicación da obra incluída no Plan Único de Cooperación 2017, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de solicitude de prorroga do prazo de execución de investimentos incluídos no plan único 2017, do Concello de SARRIA, debe entenderse presentada dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desistimento.

O propio Plan único prevé na base 20 un sistema de liquidación conxunta e para cada Concello, que naturalmente non está realizada, xa que logo, o plan esta vixente e non está declarada, respecto do concello solicitante, a perda do dereito a realizar trámites concretos.

6. Tendo en conta a solicitude do concello, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 20 das bases reguladoras do Plan único 2017, relativa á xustificación dos investimentos, que indica “... os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018.

Excepcionalmente e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, por acordo da Xunta de Goberno”

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a concesión de prórroga ao concello indicado para a execución e xustificación da actuación e dos investimentos concretos e numerados, incluídos, inicialmente ou con cargo a remanentes, no Plan único 2017, e polo prazo solicitado polo Concello.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do concello de Xermade, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos indicados, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a xustificación do mesmo nas datas indicadas.

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
REPARACIÓN DUNHA ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE MOMÁN (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	XERMADE	10-12- 2018	10-12-2018

2º.- Dar traslado do presente ao Concello de Xermade para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL ACTIVO E CORPORATIVOS DE TODOS OS CENTROS XESTORES E SERVIZOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRA.- Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo.

SEGUNDA.- O contrato que se adxudique seguindo o presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) terá carácter privado (de servizos) de conformidade co disposto no artigo 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP).

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto neste prego, rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

TERCEIRA.- Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

CUARTA.- O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no

artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, recollidos nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, sendo que o valor estimado é de 220.000 euros.

QUINTA.- De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP xustifícase a non división desta contratación en lotes en atención o recollido na cláusula 2.1 do PCAP, de acordo co recollido no Informe da Mediadora de Seguros, Artai: No presente contrato, a xustificación da non división por lotes é que se trata de unha única póliza que garante as continxencias de falecemento, invalidez e accidente laboral para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo. Non se mostra como acaído o establecemento de pólizas distintas, en función do réxime xurídico aplicable ao persoal, a súa categoría, ou as súas funcións; a división en lotes, ademais, dificultaría a súa correcta execución, o seu control e podería carrexar diferencias inxustificables en termos de igualdade xurídica, entre o persoal e autoridades da Deputación provincial.

SEXTA.- A duración do contrato é de 1 ano. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte á subscripción da acta de inicio das prestacións, salvo circunstancias excepcionais non previstas, e nos termos contemplados na cláusula 21 deste PCAP: Antes de iniciarse a prestación, que poderá coincidir coa data de formalización, debe estenderse unha acta de inicio, se ben neste caso e dado que o día 31 de marzo de 2019 vence a póliza que cubre estas continxencias, a data de inicio será o 1 de abril do 2019, para evitar períodos sen cobertura. Xa que logo, a acta de inicio, no momento de emitirse debe, reflectir esta circunstancia.

SETIMA.- O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 220.000 € (IVE exento).

Segundo consta no Informe de Intervención de 29 de novembro de 2018: os créditos precisos para este contrato se financiarán con cargo a aplicación 2210.16205 dos Orzamentos Provinciais do ano 2019, de acordo co artigo 117.2 e a base 18ª de execución do Orzamento Xeral, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Na fixación do devandito orzamento coidouse que fora axeitado aos prezos de mercado, non procedendo o desglose de costes directos e indirectos, segundo consta nos Informes da mediadora de seguros Artai.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

OITAVA.- As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Servizo de Recursos Humanos que forma parte do expediente.

NOVENA.- Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

DÉCIMA.- En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que, nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do artigo 44), cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación contra as actuacións indicadas no apartado 2º.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44, apartado 1º e 2º da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal activo e corporativos de todos os centros xestores e servizos da Deputación de Lugo, por unha duración dun ano a contar dende o día 1 de Abril de 2019.

2º.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación do procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobado o orzamento o base de licitación, que ascende á cantidade de 220.000,00 € (IVE exento) e o gasto por este mesmo importe.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo consta no informe de intervención de data 29 de novembro de 2018, financiaranse con cargo a aplicación 2210.16205 dos Orzamentos Provinciais do ano 2019, de acordo co artigo 117.2 LCSP e a base de execución 18 do Orzamento Xeral, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

O procedemento tramitárase como gasto anticipado de conformidade co previsto no artigo 117.2 e D.A. 3ª LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DE LUCENSES PARA A DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DAS INICIATIVAS POSTAS EN MARCHA POR ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL CO OBXECTO DE DINAMIZAR OS SECTORES ECONÓMICO E SOCIAL PROVINCIAIS: A DEPUTACIÓN DE LUGO-MOTOR DA PROVINCIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o expediente de contratación da campaña de publicidade institucional DeLucenses para a difusión e promoción das iniciativas postas en marcha pola Deputación de Lugo co obxecto de dinamizar os sectores económico e social provinciais: A Deputación de Lugo- Motor da Provincia, segundo anuncio de licitación publicado no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) aloxado na plataforma de contratos do sector público e convite cursado á empresa LA VOZ DE GALICIA S.A. para presentar oferta.

Tendo en conta as actas das mesas de contratación de datas 9, 22 e 29 de outubro do 2018; e considerando a Resolución da Presidencia de data 14 de novembro do 2018, así como o informe

do Servizo de Contratación e Fomento relativo á procedencia da adxudicación do contrato de referencia e o documento contable relativo á disposición do gasto emitido pola Intervención Xeral.

En base ao anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á contratación da campaña de publicidade institucional DeLucenses para a difusión e promoción das iniciativas postas en marcha pola Deputación de Lugo co obxecto de dinamizar os sectores económico e social provinciais: A Deputación de Lugo- Motor da Provincia, a favor da empresa LA VOZ DE GALICIA S.A.

De acordo co previsto no artigo 150.3 da LCSP, nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

As prestacións dimanantes da fase de negociación, son as seguintes:

LICITADOR	Fase 2: Criterios de negociación EXP0032SE18-NSO
	A) Incremento das insercións de publicidade institucional previstas no PPT e que están fixadas en 128 páxinas a toda cor
	OFERTA
LA VOZ DE GALICIA S.A.	2 insercións

En consecuencia, os termos definitivos das prestacións a efectuar polo patrocinado, proceden das esixencias e cumprimento do establecido nos pregos reitores da presente contratación, da oferta inicial e do resultado final da fase de negociación, fase na que o licitador comprométese á incrementar, sen custe para a Administración contratante, as insercións de publicidade institucional previstas no PPT e que están fixadas en 128 páxinas a toda cor, en 2 insercións/páxinas máis.

O prazo de duración/execución do contrato será de 12 meses contados a partir da data na que se inicie a prestación do servizo ou, no caso de que a totalidade de insercións publicitarias se realicen

antes da finalización dos 12 meses, na data na que se realice a última inserción. Este prazo empezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato. As prestacións obxecto do contrato segundo o previsto no PPT celebrárase neste iter temporal.

O contrato adxudícase por importe de 192.000,00 euros aos que se engadirán 40.320,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 232.320,00 euros. O prezo unitario por cada inserción publicitaria é de 1.500,00 euros aos que se engadirán 315,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.815,00 euros por inserción.

Constitúen condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 221.1.f) da LCSP [dando cumprimento ao establecido no Art. 202 da mesma Lei] e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Cumprir coa adscrición de medios materiais e persoais mínimos resultantes da adxudicación.
- Solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados para dar cumprimento as prestacións contractuais.
- Remitir ao Gabinete de comunicación e ao responsable do contrato, antes de comezar a executar as prestacións do contrato, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.
- A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase

a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

Son condicións especiais de execución , a comprobación de pagos aos subministradores (artigo 217 da LCSP). A estes efectos deberán remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subministradores que participen no contrato nos termos previstos no artigo 217 da LCSP.

O contratista virá obrigado ao cumprimento da súa oferta inicial e da súa proposta final en relación aos criterios obxecto de negociación, que terá carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe de data 29/11/2018, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:



“(…)

PRIMEIRO.- Trasládouse a este Servizo de Contratación e Fomento, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan, e respecto do que existe informe emitido pola Intervención Provincial no que consta a existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento xeral:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-181001646	31/05/2018	3.589,66 €	Mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, no período comprendido entre o 01/03/2018 e o 30/04/2018.
SUMA			3.589,66 €	

SEGUNDO.- Visto que xunto coa factura consta:

a) A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas de data 30/05/2018, e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura pola Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda.

b) Declaración responsable de data 08/11/2018, asinada polo representante da entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c) Memoria xustificativa explicitando a razón pola que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas en data 05/06/2018.

Asemade, incorpórase informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 17/07/2018, e informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 18/06/2018, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Existe consignación orzamentaria, segundo resulta do informe de data 6 de xullo do 2018 da Intervención Provincial incorporado ao atado, indicando expresamente que o gasto que reflicte a factura ten consignación orzamentaria no vixente Orzamento Xeral.

TERCEIRO.- No informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 28 de novembro do 2018, previo á Resolución da Presidencia do día 29 deste mes, dirimindo a discrepancia, en síntese, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

PRIMEIRO.- A Intervención Provincial en data 6 de Xullo do 2018, emitiu informe en relación coa seguinte factura:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
<i>Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.</i>	<i>FAV-181001646</i>	<i>31/05/2018</i>	<i>3.589,66 €</i>	<i>9310.216</i>
SUMA			3.589,66 €	

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(…)

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

1. Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se inidica na relación anterior, polo importe total de 3.589,66 euros.

2. Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en diante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en diante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2 c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non esté de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu

caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

SEGUNDO.- O Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, en contestación ó informe de intervención amentado no punto anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en data 17/07/2018, (referido á factura nº FAV-18100 1646 de data 31/05/2018 emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.) , no que se argumenta o seguinte, respecto da factura de referencia:

“(…)

1.- Existía contrato de mantemento estándar da aplicación ata o 28 de febreiro de 2018, adxudicado por Resolución da Presidencia de 24 de febreiro de 2017 á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U.

2.- O 12 de xaneiro de 2018 este servizo inicia os trámites para a contratación do novo contrato do servizo de mantemento estándar da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC. Tramitación que culmina coa aprobación en sesión ordinaria do día 13 de abril de 2018 coa adxudicación da contratación do referido servizo á mesma empresa que viña prestando o servizo, AYTOS. SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U., a cal é a lexítima titular dos dereitos sobre a aplicación informática SICALWIN E Firmadoc e a única empresa habilitada para dar o servizo de mantemento de dita aplicación.

(…).

TERCEIRO.- A factura emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., Nº FAV-181001646, correspóndese co mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, durante o período comprendido dende o 01/03/2018 ata o 30/04/2018, con respecto á que o Servizo de Contratación e Fomento é coñecedor dos seguintes antecedentes administrativos:

I.- Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, de data 24 de febreiro do 2017, aprobouse entre outros (previa proposta de contratación de data 08/02/2017 realizada dende o Servizo de Contabilidade e Contas), a contratación do mantemento estándar da aplicación informática “Sicalwin”, dende o 01/03/2017 ata o 28/02/2018, sendo adxudicataria, a entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.

II.- Por elo, previo ó remate de dito contrato menor (finalizado o día 28/02/2018), con data 12/01/2018, emitíuse dende o Servizo de Contabilidade e Contas desta Deputación, solicitude de consignación orzamentaria para efectuar a contratación do mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, cunha duración de dous anos, solicitando así mesmo, ao Servizo de Contratación e Fomento, que se inicien os trámites necesarios que resulten oportunos para tramitar dita contratación.

III.- A Xunta de Goberno, reunida en sesión de data 19/01/2018, adoptou entre outros, o acordo de aprobar a contratación do servizo de mantemento da aplicación informática Sicalwin e Firmadoc, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas de dita licitación, así como o procedemento de adxudicación (negociado sen publicidade), aprobando así mesmo, ordear ao Servizo de Contratación e Fomento que curse convite á empresa AYTOS. SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U., tanto na primeira como na segunda fase da negociación.

IV.- Tendo en conta que o día 28/02/2018 finalizou o contrato menor correspondente á contratación do mantemento estándar da aplicación informática SICALWIN coa entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., e que o día 19/01/2018 aprobouse en sesión da Xunta de Goberno desta Deputación o inicio dun novo procedemento de contratación con ese obxecto, é polo que Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U. (a partir do 28/02/2018) continuou prestando o servizo nas mesmas condicións técnicas, debido a que é a entidade titular dos dereitos sobre a aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, e debido á necesidade de dispor dun axeitado mantemento da amentada aplicación informática, por resultar imprescindible para acceder a actualizacións do software por modificacións legais ou por erros do produto e co servizo de asistencia telefónica para resolución de dúbidas ou incidencias.

V.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 13/04/2018, aprobou a adxudicación da contratación amentada no punto anterior, a favor da entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., por un período de dous anos.

VI.- A Deputación Provincial de Lugo e a entidade adxudicataria Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., formalizaron en data 24/04/2018, o contrato administrativo do mantemento da aplicación informática Sicalwin e Firmadoc, cunha duración de dous anos, contados a partir do día 30/04/2018.

O anuncio de adxudicación e formalización publicouse na Plataforma de Contratación do Estado en data 24/04/2018.

CUARTO.- O Servizo de Contratación e Fomento, emitiu informe en data 18/06/2018 (referente á factura emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., de data 31/05/2018, correspondente ó mantemento da aplicación informática Sicalwin e Firmadoc, para o período comprendido dende o 01/03/2018 ata o 30/04/2018), á vez que solicitaba consignación orzamentaria, no que se recolle o seguinte:

“(…)

1º) Analizados os arquivos existentes no servizo, constátase que non existen contratos en vigor que amparen dita factura.

2º) Pola cuantía da factura e o tipo de prestación periódica, non estamos ante un suposto de contrato menor; se ben existiu un contrato menor adxudicado o 24/02/2017 cuxas prestacións finalizaron o 28/02/2018.

3º) Segundo se explica na propia memoria do servizo, iniciáronse os trámites necesarios para a contratación dun novo contrato, o cal se aprobou en sesión da Xunta de Goberno de data 17.11.2017, adxudicándose a dita mercantil a prestación que se expresa, en sesión da Xunta de Goberno de data 13/04/2018, formalizándose en data 24/04/2018, cunha duración de 2 anos, contados a partir do día 30/04/2018.

4º) Tendo en conta o exposto, e sendo un gasto posterior ao contrato vixente e anterior á adxudicación do novo contrato por importe de 43.076,00 €, procede a súa validación.

(…).”

QUINTO.- Na memoria xustificativa de data 5 de xuño do 2018, emitida dende o Servizo de Contabilidade e Contas, en relación coa factura de Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., de data 31/05/2018 cun importe total de 3.589,66 €, correspondente ó mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, durante o período comprendido dende o 01/03/2018 ata o 30/04/2018, relaciónase o seguinte:

“(…)

O importe facturado correspóndese co mantemento para SICALWIN e FIRMADOC para o período comprendido entre o 1 de marzo de 2018 e 30 de abril de 2018.

Dende este servizo consideramos imprescindible contar co contrato de mantemento da aplicación coa finalidade de acceder a actualizacións do software por modificacións legais ou por erros do produto e co servizo de asistencia telefónica para resolución de dúbidas ou incidencias. Proba de todo elo son as múltiples incidencias, consultas e actualizacións feitas dende que se adquiriu esta aplicación e tamén no período facturado.

(…) , AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U., a cal é a lexítima titular dos dereitos sobre a aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC e a única empresa habilitada para dar o servizo de mantemento da dita aplicación.

(…)

O importe facturado é de 3.589,66 € (IVE incluído). Correspóndese co prezo ofertado pola empresa para o novo expediente de contratación e polo que foi adxudicado (...).

O servizo de mantemento soamente pode ser prestado pola empresa provedora do programa de contabilidade. Enténdese que o prezo aplicado, 3.589,66 € (tres mil cincocentos oitenta e nove euros con sesenta e seis céntimos) é correcto e axeitado ó mercado, e de feito é o prezo polo que se adxudicou o novo contrato.

(...).”

SEXTO.- No espazo temporal comprendido dende o 01/03/2018 ata o 30/04/2018, co que se corresponde a prestación de mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC relacionada na factura de Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., reparada pola Intervención Provincial en data 06/07/2018, informada polo Servizo de Contabilidade e Contas en data 17/07/2018 e memoria xustificativa da mesma unidade administrativa de data 05/06/2018, atopábase en fase de tramitación a contratación do servizo de mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, ata o día 13/04/2018, data na que a Xunta de Goberno da

Deputación de Lugo aprobou a adxudicación do mesmo á entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U. Nembargantes, por trámites administrativos, o contrato administrativo entre a entidade adxudicataria e esta Deputación, non se formalizou ata o día 24/04/2018, cunha duración de dous anos, contados a partir do día 30/04/2018. Polo que durante todo o período (do 01/03/2018 ó 30/04/2018) ó que fai referencia a amentada factura, aínda non se atopaba en vigor o novo contrato administrativo.

(...)"

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- No citado informe deste Servizo de data 28/11/2018 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da seguinte licitación, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa:

- Servizo de mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC.

SEGUNDA.- A demora producida na adxudicación deste servizo, por fin ultimada na actualidade, resulta imputable ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

TERCEIRA.- Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible para o correcto funcionamento do sistema de información contable desta administración, en cumprimento de diversas obrigas legais relativas ás contas das Entidades Locais, que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente (contrato menor), pero cuxo prazo de duración estaría vencido, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado, e correspondéndose o prezo co ofertado pola empresa para o novo expediente de contratación e polo que foi adxudicado, segundo se recolle na Memoria Xustificativa do Servizo de Contabilidade e Contas de data 05/06/2018.

CUARTA.- A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analoxía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2018, coas mesmas prestacións que no último contrato, e coas condicións económicas do contrato actualmente en vigor, tal e como se detalla no punto anterior, en base á tamén amentada memoria xustificativa do Servizo de Contabilidade e Contas.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado sétimo das consideracións deste informe),

unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

QUINTA.- No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Na revista “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 21/2016, recóllense uns comentarios ó STS de 21 de xaneiro de 2015 (recurso de casación 1371/2015) coas seguintes conclusións atinxentes ao asunto que nos ocupa:

“A infracción, no seu caso, das formalidades administrativas establecidas na lexislación de contratos públicos por parte da Administración contratante, nunca poderían enervar o dereito do contratista ó cobro da cantidade realmente executada, pois admitir o contrario suporía un enriquecemento inxusto da Administración.”

SEXTA.- Consciente o poder lexislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se preste o servizo, aínda que se estima necesaria.

SÉTIMA.- Aínda que a factura a aprobar non supera os límites do contrato menor, non é susceptible de tramitarse como tal, xa que se trata de prestacións previsibles e con continuidade no tempo, unido a que as prestacións que a factura reflicte se corresponden cun procedemento de

licitación en fase de adjudicación (agás no período comprendido entre o 13/04/2018 e o 23/04/2018, xa que dito período correspóndense co intre no que o novo contrato estaban adjudicado pero aínda non formalizado, e o período comprendido entre o 24/04/2018 e o 30/04/2018, xa que dito período correspóndese co intre no que dito contrato estaba formalizado, pero aínda non vixente, xa que no mesmo establécese unha duración de dous anos a contar a partir do 30/04/2018), cuxa competencia é da Xunta de Goberno, é o que determina que o Órgano competente sexa a Xunta de Goberno.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2018, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.
- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

- a)** A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.
- b)** As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:

(...)

- 8.** Adjudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

12. A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”

A estes efectos debe terse en conta a circular da Secretaría Xeral de data 02/11/2018, na que se di:

“O Pleno da Deputación Provincial en sesión do 30 de outubro de 2018, acordou a conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestou aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de data 26 de xullo de 2018, ao abeiro de canto se establece polo artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A conversión do citado acto administrativo, implica que o acordo plenario de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o novo Regulamento Orgánico teña, meramente, natureza xurídica de acordo provisorio aos efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora do Réxime Local.

Como consecuencia de tal conversión, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza de disposición administrativa de carácter xeral, e queda sen valor normativo algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”

Así mesmo, con data 27 de xullo do 2018, publicouse no B.O.P. de Lugo Nº 171, a Resolución da Presidencia do 26/07/2018, polo que se delega na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, entre outras, as seguintes atribucións:

“(...)

5.- A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución de obras, servizos, subministracións, de concesión de obras, concesión de servizos públicos, e contratos administrativos especiais, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación, incluída a aprobación dos proxectos e pregos de condicións e todos os demais actos en execución dos devanditos contratos.

6.- A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución, de contratos de natureza privada, concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e alleamento



de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial de contía superior á determinada para contratos menores cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...).”

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura correspondente ao mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-181001646	31/05/2018	3.589,66 €	Mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, no período comprendido entre o 01/03/2018 e o 30/04/2018.
SUMA			3.589,66 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura relacionada:

- Nº FAV-181001646 de data 31/05/2018 emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U. correspondente ó mantemento da aplicación informática SICALWIN e FIRMADOC, no período comprendido entre o 01/03/2018 e o 30/04/2018, dun importe total de 3.589,66 € (I.V.E. incluído)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

PRIMEIRO.- *Convenio específico para a prestación compartida de servizos no Centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: Acción pública colaborativa horizontal.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio polo Concello de Fonsagrada, os informes de Intervención, o informe da xefatura de sección de benestar social, así como o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a este Convenio Interadministrativo, en cuxa parte substantiva di:

(....)

“ANTECEDENTES.

I. A Deputación Provincial aprobou un Protocolo xeral de actuación, en sesión da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, que se trasladou a distintos Concellos con centros en condicións de comezar a funcionar de xeito inmediato.

Os Concellos que asinaron dito Protocolo foron: Ribadeo, A Fonsagrada, Pol, Pedrafita, Trabada e Ribas de Sil.

II. Na data de 20 de xuño de 2018, logo da pertinente tramitación administrativa, subscríbese convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello da Fonsagrada e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral fora aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 10 de abril último, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos.

As partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:

2.1. A Deputación, entre outros:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

2.2. O Concello da Fonsagrada, entre outros:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.
- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.
- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do centro.

III. O Concello da Fonsagrada efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo:

En cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 6 de setembro de 2018:

- A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada.
- A Ordenanza reguladora do acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.
- O Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.
- O Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna.

A aprobación foi elevada a definitiva e enviada a publicación no BOP, tal e como se xustifica en oficio de remisión incorporado a este expediente.

IV. Sobre a situación administrativa previa ao inicio de actividade e a prestación de servizos propios do centro (CAM):

- Concedeuse licencia de obra maior polo Concello de A Fonsagrada na data do 17 de novembro de 2015 para construción de edificio para "residencia para persoas maiores en A Fonsagrada".
- Concedeuse autorización administrativa pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, na data de 16 de marzo de 2017 para a creación do centro de servizos sociais "residencia para persoas maiores de A Fonsagrada" e na data do 16 de marzo de 2017 para a creación do Centro de día para persoas maiores de A Fonsagrada.
- A autorización do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Sanitarios (REGASA) e rexistro sanitario, deberán ser solicitadas pola Deputación de Lugo como órgano xestor do servizo e se esixirán, no seu caso, ás empresas que presten servizos no Centro.

V. Liquidación económica do convenio asinado na data do 31 de xaneiro de 2011 para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade no Concello de A Fonsagrada:

- O Concello da Fonsagrada acordou a cesión gratuíta á Deputación de Lugo do ben inmoble, mediante acordo do Pleno de 14 de xullo de 2011.
- O Pleno da Deputación, en data 28 de marzo de 2017, acordou a aceptación da cesión gratuíta da parcela destinada a construción e xestión do Centro de atención a persoas maiores no Concello de Fonsagrada.
- Suplusa entregou, en cumprimento do encargo efectuado mediante Resolución da Presidencia de 27 de abril de 2011, a edificación do centro de servizos sociais Residencia e Centro de Día para Persoas Maiores, por virtude de acordo adoptado polo Consello de Administración en sesión celebrada o 7 de agosto de 2018 e incorporado ao expediente
- O Concello da Fonsagrada propón o seguinte calendario de pagos para dar cumprimento as obrigas que asumira no convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, que se recollen na cláusula décimo cuarta do convenio obxecto do presente informe: 10.000 euros a pagar no ano 2020 e o resto a pagar en cotas iguais en dez anos, é dicir, do ano 2021 ao ano 2030, ambos incluídos.

O Convenio asinado o 27 de abril do 2011 entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada, para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade, na cláusula 7, dispoñía que 210.000,00 euros serían aportados polo Concello de A Fonsagrada.

Segundo informe da Interventora Xeral da Deputación de Lugo sobre pagos do devandito Convenio asinado o 31/01/2011: *Dos datos obrantes neste Servizo non consta á data actual a realización de ningún ingreso efectuado polo Concello de A Fonsagrada en execución do citado convenio.*

- No caso de impago da cantidade a financiar polo Concello da Fonsagrada, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

VI.- A Xunta de Goberno, en sesión do 15 de outubro de 2018, tomou acordo sobre a entrega de resultados do encargo efectuado a Suplusa para a construción dos centros de atención a persoas maiores, en cuxa parte dispositiva reflicte:

“1º.- Tomar coñecemento dos acordos adoptados polo Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de marzo, 8 de maio e 7 de agosto de 2018 respectivamente, polos que, SUPLUSA S.A. entrega a esta Deputación Provincial os terreos e edificios destinados a residencias.

2º.- Entender a entrega libre de cargas e gravames e, neste sentido, a reserva de uso tense por non posta. Todo crédito, carga ou gravame que SUPLUSA SA entenda pode trasladar á Deputación debe concretarse no proceso de liquidación dos encargos. En ningún caso poderá implicar condicionantes para o círculo de decisión administrativa do ente tutelante e o exercicio das potestades que ten atribuídas.

3º.- Proceder con anterioridade á liquidación definitiva dos encargos, se proceda por funcionarios da área Técnicos (facultativos) coa debida habilitación profesional (sen mingua doutras colaboracións) a inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para que se obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

Do resultado da comprobación realizada deberá emitirse informe polos funcionarios (e de ser o caso coas oportunas colaboracións) aos que a Presidencia ordene a inspección e comprobación.

Funcionarios da Área de Servizos Sociais poderán acompañar aos funcionarios técnicos, a efectos de asesoramento e colaboración. Estes funcionarios de perfil social emitirán informe acerca do

mobiliario, enseres e demais equipamentos necesarios para a apertura e funcionamento das residencias e centros de día.

4º.- Dar traslado deste acordo á Intervención xeral ao obxecto de que realice as comprobacións finais das tarefas encomendadas por parte da deputación (comprobación material dos investimentos), o obxectivo de verificar o cumprimento da obrigaón do encomendado, nos termos do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado (BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018), no apartado de encargos a medios propios previstos no artigo 24.6 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público, as Bases de execución do orzamento e a Circular da Intervención provincial de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

5º.- Reiterar por derradeira vez a SUPLUSA a entrega das respectivas chaves no prazo improrrogable dos tres días hábiles seguintes ao do recibo deste acordo, de forma que poidan realizarse as tarefas de comprobación referidas nos parágrafos anteriores de cara a toma de posesión material do construído.

6º.- Ordenar ás Seccións de Patrimonio e Inventario que proceda á inscrición dos respectivos bens”.

VII.- Sobre a estimación de custos que asume a Deputación coa sinatura deste Convenio específico, segundo o Informe de 28 de novembro de 2018 da Xefa de Sección da Unidade de Benestar social e Igualdade:

“TERCEIRO.- En relación ao financiamento, terase en conta o estudio de viabilidade e memoria económica-financeira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada, datado a 29 maio de 2018, á considerar que este estudo está aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de A Fonsagrada para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de A Fonsagrada.

Así, neste estudo reflíctense os seguintes custes:

- Contrato de servizos (tarefas/actuación a externalizar) 567.650,00 €*



1. *servizo de atención directa de xerocultores*
2. *servizo de limpeza-lavandería*
3. *servizo de restauración*
- *Gastos de persoal propio da Deputación de Lugo 123.796,00 €*
 1. *Responsable do Centro*
 2. *Administrativo do centro*
 3. *Equipo interdisciplinar*
 1. *Psicoloxía*
 2. *Fisioterapia*
 3. *Enfermería*
 4. *Terapia ocupacional /animador sociocultural*
 5. *Arquitectura técnica*
 6. *Oficial de oficios múltiples*
- *Gastos de subministro, compras, etc directas pola Deputación de Lugo 94.059,00 €*
- *Total, 785.505,00 €*

Ase mesmo, o estudo realiza unha proposta de prezos públicos para facer fronte aos custes do servizo, sendo os seguintes:

- *1.390,00€ prazas residenciais para dependentes.*
- *1.080,00€ prazas residenciais para válidos.*
- *550,00€ para xornada completa en centro de día.*
- *Outros servizos complementarios.*

Por outra banda o convenio recolle que a Deputación actuará como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco. Así deberase ter en conta para a aprobación deste convenio, non só os gastos reflectidos no estudo de viabilidade citado, senón tamén os gastos que a Deputación afronta con fondos propios, derivados do convenio marco xa mentado neste informe, así como do convenio específico que se ven a informar:

IMPUTACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS SALARIAIS AOS CONVENIOS MARCO E ESPECÍFICOS	% IMPUTADO	PERÍODO A IMPUTAR	IMPORTE TOTAL IMPUTABLE A TÓDOS OS CONVENIOS	IMPORTE IMPUTADO AOS CONVENIOS DE A FONSAGRADA
PERSOAL DA SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE				

IMPUTACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS SALARIAIS AOS CONVENIOS MARCO E ESPECÍFICOS		% IMPUTADO	PERÍODO A IMPUTAR	IMPORTE TOTAL IMPUTABLE A TÓDOS OS CONVENIOS	IMPORTE IMPUTADO AOS CONVENIOS DE A FONSAGRADA
Xefa de sección de Benestar Social e Igualdade	Silvia García López	60,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	18.266,69 €	3.044,45 €
Traballadora Social	Iria Lamazares Fernández	50,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	10.861,99 €	1.810,33 €
Traballadora Social	Angela Justo Rodríguez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	15.058,36 €	2.509,73 €
Traballadora Social	Estela Villalda Martínez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 30 de novembro de 2018	13.255,12 €	2.209,19 €
PERSOAL DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO					
Xefe do Servizo de Contratación e Fomento	Manuel Ángel Jove Losada	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	4.227,40 €	704,57 €
Técnico da Administración Xeral	José Domingo Rodríguez Ferreira	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	3.676,37 €	612,73 €
Técnico da Administración Xeral	Sonia Méndez García	20,00%	Dende o 1 de setembro de 2018 ata 31 de decembro de 2018	2.374,46 €	395,74 €
TOTAL					11.286,73 €

Táboa 1. Gastos da Deputación de Lugo de persoal derivados dos convenios marco para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e do convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, na anulación de 2018.

Todo estes cálculos poderanse estimar para o desenvolvemento do convenio do seguinte xeito, deixando constancia que trátase dunha previsión extraída do citado plan de viabilidade e non dunha certeza:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	<i>Anualidade 1 de referencia</i>	2019 dende 1 de marzo	2020	2021	2022 ata 20 de xuño
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	11.286,73 €	123.796,00 €	103.785,14 €	125.652,54 €	127.537,33 €	60.646,62 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO	0,00€	94.059,00 €	78.854,94 €	95.469,89 €	96.901,93 €	46.078,86 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS	0,00€	567.650,00 €	475.892,88 €	579.164,76 €	591.457,88 €	281.271,59 €



ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	<i>Anualidade 1 de referencia</i>	2019 dende 1 de marzo	2020	2021	2022 ata 20 de xuño
	11.286,73 €	785.505,00 €	658.532,96 €	800.287,59 €	815.897,14 €	387.997,07 €

Táboa 2. Estimación do gasto de convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financieira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada. Dende o 20 de xuño de 2018 ata 20 de xuño de 2022, con inicio do contrato administrativo de servizos o 1 de marzo de 2019.

CUARTO.- Se temos en conta o citado estudio económico, así como, as ordenanzas de prezo público aprobadas polo Concello de A Fonsagrada para os servizos de atención residencial e atención diúrna. Se consideramos os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística relativos as pensións medias e as consultas efectuadas aos servizos sociais comunitarios dos concellos de Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e A Trabada, en abril de 2018 polos servizos sociais provinciais vía telefónica, temos un escenario dunhas capacidades económicas mensuais medias de 761,56€.

Salientar que as ordenanzas de prezo público establecen a participación no financiamento do servizo en función da capacidade económica da persoas usuaria. Isto é, a determinación da participación económica para os servizos básicos na modalidade ordinaria será en función da capacidade económica, dando lugar ao prezo público para cada persoa. Terase en conta aquí o recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo. En todo caso, nas dúas ordenanzas de prezo público defínese no artigo 4 a determinación de capacidade económica: a capacidade económica da persoa usuaria aos efectos destas Ordenanzas será a resultante da suma de todos os ingresos en cómputo anual (iga) máis a capacidade patrimonial (Cp). A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

Co obxecto de ser prudentes, se analizará o cálculo dos ingresos efectuados polas persoas usuarias en función dunha capacidade económica mensual de 754,21€, isto é, entendendo que ningún usuario ten mais ingresos que as pensións e que non teñen ningún tipo de propiedade ou ben que computar ao cálculo da súa capacidade económica) e só temos en conta o importe das

pensións medias segundo o Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016, para os concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada, e sendo coñecedores que a pensión media mensual da provincia é de 763,22 €, excluindo o Concello de Lugo que elevaría máis esta cantidade.

ENTIDADE	CAPACIDADE ECONÓMICA MENSUAL ESTIMADA. ¹	PENSIÓN MENSUAL MEDIA >65 ²
CONCELLO A FONSGRADA	680,00 €	733,73 €
CONCELLO DE CASTROVERDE	708,00 €	719,18 €
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO	615,00 €	759,33 €
CONCELLO DE POL	606,00 €	756,24 €
CONCELLO DE RIBADEO	1.092,00 €	855,96 €
CONCELLO DE RIBAS DO SIL	868,27 €	731,51 €
CONCELLO DE TRABADA	761,62 €	723,51 €
MEDIA ESTIMADA	761,56 €	<u>754,21 €</u>

Táboa 3. Capacidade media mensual (segundo datos dos servizos sociais comunitarios) e pensión media mensual para persoas maiores de 65 anos (Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016).

	IMPORTE
PENSIÓN MEDIA MENSUAL NA PROVINCIA DE LUGO³	763,22 €

Táboa 4. pensión media na provincia de Lugo para persoas maiores de 65 anos. Datos excluindo o Concello de Lugo. Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

Neste escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 754,21€ mensuais, corresponderían uns ingresos de 334.191,36€, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

1 Datos facilitados polos servizos sociais comunitarios dos concellos no mes de abril de 2018.

2 Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

3 Datos excluindo o Concello de Lugo. Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016



USUARIOS	CAPACIDADE ECONÓMICA 754,21€	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependientes 24	708,50 €	681,50 €	170,38 €	511,13 €	49.068,00 €	147.204,00 €	204.048,00 €
Válidos 4	686,77 €	393,23 €	98,31 €	294,92 €	4.718,76 €	14.156,28 €	32.964,96 €
Centro de día 20	404,91 €	145,09 €	36,27 €	108,82 €	8.705,40 €	26.116,20 €	97.178,40 €
TOTAL					62.492,16 €	187.476,48 €	334.191,36 €

Táboa 5. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

O custe de referencia do servizo de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou custe efectivo real do servizo .

O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional). Así, o Concello de A Fonsagrada, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre custe efectivo real do servizo e o prezo público efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00€ por praza e mes de residencia e 300,00€ para praza e mes de centro de

día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello, a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Neste escenario a Deputación tería que achegar 187.476,48 € para facer fronte as obrigas establecidas inicialmente no convenio marco (o 75% do déficit entre o custe de referencia e o prezo público do usuario) mais o 75% de o déficit total xerado entre o custe de referencia e o custe efectivo do servizo o cal nesta previsión ascendería a 201.345,00 €, isto é, o 75% de dita cantidade 151.008,75 € sería o déficit asumir pola Deputación, entre o custe de referencia establecido na ordenanza de prezo público e o custo real efectivo, polo que tendo en conta os datos económicos que se están a manexar neste informe, a Deputación asumiría un déficit de 338.485,23 € anual.

USUARIOS	CAPACIDADE ECONÓMICA 754,21€	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 32	708,50 €	681,50 €	170,38 €	511,13 €	40.890,00 €	122.670,00 €	170.040,00 €
Válidos 4	686,77 €	393,23 €	98,31 €	294,92 €	3.932,30 €	11.796,90 €	27.470,80 €
Centro de día 18	404,91 €	145,09 €	36,27 €	108,82 €	7.254,50 €	21.763,50 €	80.982,00 €
TOTAL					52.076,80 €	156.230,40 €	278.492,80 €

Táboa 6. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público das persoas usuarias anualidade 2019.

Tendo en conta que a prestación iniciárase a 1 de marzo de 2019 neste escenario a Deputación tería que achegar 156.230,40 € para facer fronte as obrigas establecidas inicialmente no convenio marco (o 75% do déficit entre o custe de referencia e o prezo público do usuario) mais o 75% de o déficit total xerado entre o custe de referencia e o custe efectivo do servizo o cal nesta previsión ascendería a 171.732,96 €, isto é, o 75% de dita cantidade 128.799,72 € sería o déficit asumir pola Deputación, entre o custe de referencia establecido na ordenanza de prezo público e o custo real efectivo. Polo que tendo en conta os datos económicos que se están a manexar neste informe, a Deputación asumiría un déficit de 285.030,12 € na anualidade 2019.

En todo caso, terase en conta que o custo total do servizo estimado polo estudo de viabilidade ten en conta servizos complementarios que a data de hoxe non se contemplan levar a cabo inicialmente.

Para rematar este punto, deberase salientar o actual vixente artigo 64 bis da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no cal se establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a creación, a xestión e mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. O cumprimento deste artigo permitirá reducir os custes finais para a administracións locais que subscribiran este convenio, sen poder cuantificar os mesmos a data de hoxe.”

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (20 de xuño de 2018).

VIII.- O Pleno da Deputación aprobou, o 30 de outubro de 2018, unha modificación das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”.

IX.- Recíbese na Deputación de Lugo certificación do acordo de aprobación do Convenio por parte do Concello-Pleno da Fonsagrada, precisando que: *“con data 13.11.2018, o Pleno da*

Corporación adoptou o seguinte acordo: PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN CONVENIO ESPECÍFICO PARA A XESTIÓN DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS.

PRIMEIRA.- DE CARÁCTER XERAL: ACERCAMENTO A ACCIÓN PÚBLICA COLABORATIVA NA QUE SE INSCRIBE ESTE CONVENIO ESPECÍFICO.

Este convenio específico enmárcase na actividade prestacional de dúas administracións públicas locais, con competencias materiais e territoriais que, ao abeiro da súa potestade de auto-organización, deciden colaborar para alcanzar fins comúns ou compartidos.

Como di o Profesor Lorenzo Mellado Ruíz, no documento titulado “Acercamiento a la acción pública colaborativa: mecanismos horizontales y verticales de colaboración administrativa⁴”:

“Pode dicirse que, na actualidade, o modelo de “Estado relacional” é a evolución lóxica do previo “Estado prestacional”. Así, a nivel local, un dos modernos enfoques de ordenación e xestión das competencias, funcións e servizos ven constituído pola xestión agregada, conxunta e cooperativa dos mesmos por parte de diferentes entes públicos ou instancias de poder, desde unha perspectiva tanto horizontal ou de equilibrio institucional coma vertical ou de coordinación/supervisión superiores. A xestión colaborativa e a agregación de esforzos é hoxe unha realidade, ratificada normativamente en diferentes instrumentos, e as diferentes técnicas de cooperación interadministrativa unha opción mais de ordenación eficiente, pero non exclusiva, das competencias propias. A última gran reforma local, seguindo a senda estratéxica e ideolóxica estatal marcada anteriormente, e confirmada despois nas normas de cabeceira do grupo normativo básico administrativo (Lei 39/2015 e Lei 40/2015), é un claro exemplo desta tendencia, seguramente non episódica ou coxuntural, senón claramente basal, como novo paradigma –aínda non determinante nin exclusivo, loxicamente- dos modelos de organización e xestión a nivel local. Quizais poda dicirse, en xeral, que o Dereito administrativo actual, o Dereito “postcrisis”, ven marcado, aínda a risco dunha excesiva simplificación, por unha serie de eixos ou vectores de referencia, entrecruzados pero carentes de sistematización, e inspirados igualmente nun conxunto

⁴ Cemci, Diputación de Granada, actividades de formación.

de principios mínimos comúns, como os de eficiencia e aforro, simplificación e redimensionamento dos aparatos organizativos e dos procesos decisoriais e de xestión, control e supervisión, e reequilibrio das relacións entre os poderes públicos e os cidadáns. Quizais respondan todos a unha mesma ideoloxía ou finalidade, a alixeración de cargas e costes do Estado e a busca de novos modelos de corresponsabilización social e flexibilización das técnicas de intervención como motor de dinamización da economía.

Pero, en calquera caso, moitos destes enfoques conflúen nestas novas realidades, aínda plurales e difusas, da xestión administrativa compartida ou conxunta, adquirindo, ó seu través, unha importancia crecente en todos os ámbitos, e, concretamente, tras a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, no nivel máis próximo á cidadanía. En canto as técnicas de colaboración público-público horizontal e non institucionalizada e os convenios interadministrativos, atendendo ao art. 144.1 LRXSP, hai que sostener que non existe realmente un elenco pechado ou taxado de instrumentos de colaboración interadministrativa, debendo estar ademais a unha interpretación funcional ou causal dos mesmos, e non tanto formal ou denominativa.

O suposto de utilización de instrumentos de colaboración público-público, englobaría as actividades relacionais entre diferentes administracións ou persoas xurídico-públicas, coa división entre relacións horizontais ou conveniais e verticais ou institucionais”(…).

Neste caso, a cooperación instruméntase por medio dun convenio de cooperación interadministrativo do artigo 47 e concordantes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cunha relación convencional bilateral (composición de vontades) para a satisfacción axeitada de intereses públicos.

SEGUNDA.- MARCO NORMATIVO DESTA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

2.1.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non

sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

2.2.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas, tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

2.3.- Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

2.4.- O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

2.5.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ocúpase, nos artigos 140 e seguintes, das relacións interadministrativas. Así, o artigo 140 define os principios das relacións interadministrativas, entre outros:

“c) Colaboración, entendido coma o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común.

e) Coordinación, en virtude do cal unha Administración Pública e, singularmente, a Administración Xeral do Estado, ten a obriga de garantir a coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o prevé a Constitución e o resto do ordenamento xurídico”.

2.6.- O artigo 143 da mesma Lei, regula as relacións e os termos da cooperación entre administracións públicas:

“1. As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios”.

2.7.- Entre as técnicas de cooperación, o artigo 144 menciona:

“d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas.

g) As actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens, previstas na lexislación patrimonial.

O artigo 144.2 determina: “Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben”.

2.8.- Estas técnicas interadministrativas de tipo colaborativo, na faceta de cooperación, estímúlanse na propia Lei de servizos sociais de Galicia, dunha maneira singular: artigos 64 e 64 bis.

2.9.- En definitiva, no escenario da respectiva autonomía das EELL que concertan vontades, por vía convencional, xustifícase este mecanismo ou sistema de agregar esforzos para

a prestación de servizos sociais (definidos como servizo público no artigo 1º da Lei de servizos sociais de Galicia): a acción pública relacional encamiñada a unha actividade administrativa prestacional compartida (STC 27/1987, do 27 de febreiro).

TERCEIRA. REQUISITOS E CONTIDO DOS CONVENIOS.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 - b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 - c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 - d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
 - e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 - f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 - g) Réxime de modificación do convenio.
 - h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

No caso analizado a cualificación é a de convenio interadministrativo, cooperativo, para desenvolver, en esencia, unha actividade prestacional.

Ao expediente xúntase, desde a perspectiva da formación da vontade provincial, a xustificación da súa eficacia para acadar os fins perseguidos (distintos antecedentes ingresados no expediente ou relacionados nos respectivos informes consonte a unha motivación “in aliunde”, singularmente o informe da xefatura de sección de servizos sociais ou este mesmo informe), ao facilitar o uso conxunto de medios para fins de servizo público. Debe incorporarse tamén a

avaliación da sustentabilidade financeira do convenio e a distribución plurianual dos gastos comprometidos: Artigos 48 e 49 da LRXSP.

CUARTA.- TÍTULOS COMPETENCIAIS.

As técnicas de cooperación non deben alterar o sistema competencial (STC 214/1989). Estas fórmulas cooperativas, explicitan mecanismos de suma de medios para fins de interese de ambas entidades, de interese xeral, en ocasións con competencias compartidas e mesmo solapadas.

Non obstante, no caso que nos ocupa, os títulos competencias veñen fixados claramente na lexislación de réxime local, estatal e autonómica e sobre todo na Lexislación autonómica sectorial aplicable. Vexamos:

4.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na mesma liña, a disposición adicional cuarta desa Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao

precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servicios Sociais de Galicia (en adiante, LSSG), establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da Lei (Galicia) 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, introducido polo artigo 21 da Lei (Galicia) 9/2017, 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 28 decembro):

“3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, de 27 de maio , de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en

virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio , para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación”.

A súa vez, este mesmo precepto promove a colaboración interadministrativa, entre outras actividades ou accións, para a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. A colaboración promovida pola lexislación autonómica de servizos sociais (art. 64 bis LSG), canalízase por vía de convenio e reflicte termos de dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos, financeiros e, no seu caso, tamén das instalacións dos centros.

4.2. COMPETENCIAS PROVINCIAIS.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no artigo 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos, como o aseguramento dunha prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

O artigo 118.letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da Provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos .

O propio artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante TRRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a subscripción de convenios que neste caso canalizan a cooperación económica e técnica (art. 30.1 letra a do citado TRRL) e de asistencia e coordinación para homoxeneizar prestacións e mecanismos de economía de escala.

O artigo 36.1 da LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados a) b) e d) as seguintes:

- A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.
- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (...).
- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (artigo 36.1 d).

Ademais, en aplicación do artigo 36.2 letra d) da LBRL, “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles llas encomenden”, xunto cos mecanismos de eventual contratación conxunta previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro (en adiante, LCSP).

A LALG regula, nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b) “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

Os artigos 114 e 115 da LALG prevén, respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e, para mais abastanza, a Xunta de Galicia (artigo 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

4.3. COMPETENCIAS DA XUNTA DE GALICIA.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

O artigo 59 da repetida Lei de Servicios Sociais de Galicia (Lei 13/2008, do 3 de decembro) enumera as competencias da Xunta de Galicia, que se deixan a salvo no convenio, salientando o deber de colaboración da propia Xunta, relatado no seu artigo 64 e de forma máis concreta no artigo 64 bis:

“1. De acordo co establecido no artigo anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

2. Os convenios aos que se refire o número anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias, ou a cofinanciación de centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso, das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir con los principios establecidos en esta disposición”.

O propio convenio específico, identificado na cabeceira, na cláusula 17ª estipula o compromiso das partes de demandar dos órganos competentes da Xunta de Galicia financiamento de prazas e para dotar ao centro de transporte adaptado.

QUINTA.- SOBRE A INCIDENCIA NA EFICIENCIA E SOSTIBILIDADE DA ACTIVIDADE PRESTACIONAL PERSEGUIDA.

Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Na estrutura deseñada neste convenio específico, no marco dun sistema en rede, de xestión directa e control públicos, a cooperación interadministrativa amósase como especialmente operativa e eficaz.

A Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, con fundamento no dereito comunitario, Artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do

Parlamento Europeo e do Consello. Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación podan cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Neste senso, O Decreto 99/2012 da Xunta de Galicia, establece a caracterización de áreas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado na citada norma regulamentaria. As áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos concellos como unidade básica de prestación dos servizos, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios poboacionais, sociais e xeográficos.

A tipoloxía das áreas establécese atendendo ás características que presentan, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica, así como, índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. Deste xeito as áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios clasifícanse nos seguintes tipos: áreas urbanas; áreas metropolitanas; áreas semiurbanas; áreas rurais; e áreas rurais de alta dispersión.

Xa que logo, como se escribe no informe da xefatura de sección de servizos sociais, propúgnase unha prestación dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións aos usuarios, cun financiamento sostible acorde a capacidade económica dos usuarios, progresiva e redistributiva, así como, en función da capacidade de financiamento dos concellos, sen esquecer o modelo de xestión que permitirá o aforro na prestación dos servizos, e non a costa de reducir a calidade dos mesmos, senón por minimizar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada, á vez, que se apoia na experiencia da xestión dos servizos sociais comunitarios que as entidades locais implicadas teñen acreditada coa seu labor diaria, tanto no Servizo de Axuda no Fogar, no Servizo de Teleasistencia, etc.

Coa aposta por este convenio e o modelo de xestión que el implica se está apostar por un proxectos viable sustentable, convertendo nunha oportunidade, no eixo dunha economía circular

necesaria e demandada nas zonas rurais máis afectadas por esta situación. Por iso resulta tan importante para a provincia de Lugo, este convenio específico que diseña unha estratexia de acción-reacción baseado nos servizos sociais públicos de calidade, de proximidade, e centrados na persoa sexan o eixo da nova economía, onde o terceiro sector sexa a base do sector primario.

Factores que se ordenan neste convenio específico.

SEXTA.- SOBRE A NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público, á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”.

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes (administracións públicas) non teñen vocación de mercado (...).

O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de auto-organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre dúas administracións públicas, aínda que singular e cunha normativa especial de cobertura, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

SÉTIMA.- SOBRE A CUANTIFICACIÓN DA ACHEGA DO CONVENIO DA FONSAGRADA, COMPROMETIDA NO CONVENIO SUBSCRITO O 27 DE ABRIL DE 2011.

O Convenio Marco asinado o 20 de xuño de 2018, na disposición adicional IV dicía:

IV.- Este convenio marco substitúe, aos asinados no ano 2011 cos Concellos con centros de atención a maiores rematados ou próximos a rematar (Castroverde, Fonsagrada, Pedrafita, Pol, Ribas do Sil, Trabada) singularmente nos aspectos que se vexan directamente afectados; estes convenios entrarán en fase de extinción e liquidación, aplicando a figura do mutuo acordo.

A cláusula 14ª do Convenio Específico aprobado polo Concello-Pleno da Fonsagrada, en sesión de 13 de novembro de 2018, recolle a seguinte forma de pago:

“DECIMOCUARTA.- SOBRE A LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO NA DATA DE 27 DE ABRIL DE 2011, ENTRE O CONCELLO DA FONSAGRADA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

14.1. Como consecuencia da sinatura e aplicación de dito convenio de colaboración desenvolvéronse, en síntese, os seguintes trámites:

- a) A adquisición da parcela con referencia catastral 7267105PH5776N0001WE.*
- b) A construción da edificación para Centro de atención a persoas maiores.*
- c) A entrega á Deputación Provincial, por parte de Suplusa, nas condicións incorporadas ao expediente, da edificación, coa correspondente toma de razón e liquidación, no marco do réxime xurídico aplicable aos encargos e correspondentes facultades de tutela..*

d) A proposta de pago, por parte do Concello da Fonsagrada, das contías comprometidas, conforme ao seguinte calendario: 10.000 euros a pagar no ano 2020 e o resto a pagar en cuotas iguais en dez anos, é dicir, do ano 2021 ao ano 2030, ambos incluídos.

No caso de impago da cantidade a financiar polo Concello da Fonsagrada, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

e) A adscrición, por parte da Deputación, da parcela e edificación, para a actividade de atención residencial e diúrna.

14.2. O referido convenio considerase liquidado e, polo tanto, extinguido, dando por cumpridos os obxectivos e fins perseguidos, coa sinatura deste convenio específico”.

Entendemos que a distribución resultante desa redacción, unha vez contrastado o importe comprometido e non pagado (210.000 euros) é a seguinte:

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	20.000,00
2022	20.000,00
2023	20.000,00
2024	20.000,00
2025	20.000,00
2026	20.000,00
2027	20.000,00
2028	20.000,00
2029	20.000,00
2030	20.000,00
TOTAL	210.000,00

A cantidade adebedada non quedou precisada, aínda que si determinadas as anualidades e a súa distribución, no Convenio específico aprobado polo Concello-Pleno da Fonsagrada.

Razóns de seguridade xurídica e precisión da débeda do Concello da Fonsagrada, como consecuencia da achega comprometida para a construción do CAM de Fonsagrada, aconsellan que

se introduza un anexo ao convenio específico. Este anexo non ten tanto carácter modificativo, senón de desenvolvemento ou precisión dos compromisos económicos asumidos e consecuentemente, liquidación, por mutuo acordo, do Convenio asinado en 2011: periodificación dos resultantes da liquidación económica e extinción daquel convenio.

Por esta razón, en Anexo, que debe ser asumido por ambas entidades, establécese o seguinte sistema de pago para o Concello da Fonsagrada, que se incorporará en Anexo ao convenio obxecto do presente informe.

IMPORTE COMPROMETIDO POLO CONCELLO DA FONSAGRADA NO CONVENIO DO 27/04/2011: 210.000 EUROS. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES.

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	20.000,00
2022	20.000,00
2023	20.000,00
2024	20.000,00
2025	20.000,00
2026	20.000,00
2027	20.000,00
2028	20.000,00
2029	20.000,00
2030	20.000,00
TOTAL	210.000,00

Darase traslado ao Concello da Fonsagrada, para que sexa aprobado polo órgano competente e subscrito, tanto o convenio como o Anexo, en unidade de acto, unha vez complementados os trámites administrativos.

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA APROBAR ESTE CONVENIO.

En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde

á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD) e inferior á prevista na D.A. 2ª da LCSP (inferior a 6 millóns de euros e duración non superior ó 4 anos). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, en relación coa vixencia deste Regulamento e acordo de conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestaba aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

NOVENA. A efectos de completar este informe remitímonos ao indicado no Informe emitido para a tramitación e aprobación do Convenio Marco bilateral do que trae causa o presente. As previsións deste convenio específico, completadas co convenio marco ao que desenvolve, axústase ás esixencias do artigo 49 da LRXSP ao igual que a normativa de preparación (art. 48 LRXSP). En canto ás obrigas e compromisos de contido económico asumidos por cada unha das partes, fíxase o sistema para a súa concreta determinación na cláusula 6ª do Convenio Marco e na 7.5 do Convenio específico. A concreción das mesmas e a súa distribución queda pendente ata o desenvolvemento dos trámites de licitación para as prestacións que sexan obxecto de contrato de servizos e a selección de persoal para as funcións a desenvolver por empregados públicos. Os importes adebedados en relación coa adquisición do terreo e a construción figuran na cláusula sétima.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”
(...)

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal), co anexo referente á liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, conforme ao seguinte plan de pagos por anualidade e importes:

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	20.000,00
2022	20.000,00
2023	20.000,00
2024	20.000,00
2025	20.000,00
2026	20.000,00
2027	20.000,00
2028	20.000,00
2029	20.000,00
2030	20.000,00
TOTAL	210.000,00

2º.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2019: 658.532,96 €

Ano 2020: 800.287,59 €

Ano 2021: 815.897,14 €

Ano 2022: 387.997,07 € (ata o 20 de xuño dese ano).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos respectivos orzamentos anuais, as contías expresadas.

3º.- Tomar razón dos gastos de persoal de Deputación dispostos, no exercicio de 2018, en execución do convenio marco asinado co Concello da Fonsagrada o 20 de xuño de 2018 e para a implantar este convenio específico, cuantificados en 11.286,73 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

SEGUNDO.- *Convenio específico para a prestación compartida de servizos no Centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: Acción pública colaborativa horizontal.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio polo Concello de Trabada, os informes de Intervención, o informe da xefatura de sección de benestar social, así como o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a este Convenio Interadministrativo, en cuxa parte substantiva di:

(....)

ANTECEDENTES.

I. A Deputación Provincial aprobou un Protocolo xeral de actuación, en sesión da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, que se trasladou a distintos Concellos con centros en condicións de comezar a funcionar de xeito inmediato.

Os Concellos que asinaron dito Protocolo foron: Ribadeo, A Fonsagrada, Pol, Pedrafita, Trabada e Ribas de Sil.

II. Na data de 20 de xuño de 2018, logo da pertinente tramitación administrativa, subscríbese convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello de Pol e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral fora aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 10 de abril último, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos.

As partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:

2.1. A Deputación, entre outros:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

2.2. O Concello de Pol, entre outros:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.

- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.
- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do centro.

III. O Concello de Pol efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo:

En cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 23 de agosto de 2018:

- A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Pol.
- A Ordenanza reguladora do acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.
- O Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial.
- O Regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna.

Segundo o previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local procedeuse á publicación íntegra da Ordenanza reguladora do acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna, Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial, Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna, Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial e Regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna, no BOP de Lugo nº 271 de 26 de novembro de 2018.

IV. Sobre a situación administrativa previa ao inicio de actividade e a prestación de servizos propios do centro (CAM):

- Concedeuse licenza de obra maior polo Concello de Pol na data do 28 de novembro de 2013, para construción de “residencia para persoas da terceira idade”, en Mosteiro, parroquia de San Salvador de Mosteiro, no municipio de Pol.
- Concedeuse autorización administrativa pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social na data do 7 de marzo do 2013, para a creación do centro de servizos sociais

“residencia para persoas maiores de Pol”, modificada mediante Resolución de modificación da creación de centros de servizos sociais, na data do 13 de outubro de 2017.

- Concedeuse autorización administrativa sectorial pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, consonte ao establecido no artigo 68 da Lei 13/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime xurídico do rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, para o inicio de actividade de residencia e centro de día de persoas maiores de Pol por senllas resolucións de 2 de abril de 2018.
- A autorización do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Sanitarios (REGASA) e rexistro sanitario, deberán ser solicitadas pola Deputación de Lugo como órgano xestor do servizo e se esixirán, no seu caso, ás empresas que presten servizos no Centro.

V. Liquidación económica do convenio asinado na data do 31 de xaneiro de 2011 para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade no Concello de Pol:

- Suplusa adquiriu en escritura pública de permuta co Concello de Pol de data 15 de abril de 2010 a finca.
- Suplusa entregou, en cumprimento do encargo efectuado mediante acordo plenario de 26 de outubro de 2010, a propiedade da parcela e da construción, por virtude de acordo adoptado polo Consello de Administración en sesión celebrada o 8 de maio de 2018 e incorporado ao expediente, nos termos dese documento.
- A Deputación tomou coñecemento da entrega efectuada, polo Consello de Administración de Suplusa, coas consecuencias derivadas do réxime xurídico aplicable aos encargos, no marco da súa liquidación e do exercicio das facultades de tutela (Acordo da Xunta de Goberno en sesión de 15 de outubro de 2018).
- O Concello de Pol propón o seguinte calendario de pagos para dar cumprimento ás obrigas que asumira no convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, tal e como se recolle na cláusula décimo cuarta do convenio obxecto do presente informe: 10.000 euros a pagar no ano 2020 e o resto a pagar en cotas iguais en dez anos, é dicir, do ano 2021 ao ano 2030, ambos incluídos.

O Convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011 entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol, para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade en Pol, na cláusula 5, dispoñía que 303.587,09 euros serían aportados polo Concello de Pol.

Segundo informe da Interventora Xeral da Deputación de Lugo sobre pagos do devandito Convenio asinado o 31/01/2011: Dos datos obrantes neste Servizo non consta á data actual a realización de ningún ingreso efectuado polo Concello de Pol en execución do citado convenio.

En Informe de Intervención de 4 de maio de 2018, acerca da recuperación da condición de medio propio de Suplusa, do que se deu conta en Xunta de Goberno, en sesión de 1 de xuño de 2018, indícase unha débeda do Concello de Pol (achega pendente de cobro) de 303.587,00 euros.

- No caso de impago da cantidade a financiar polo Concello de Pol, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

VI.- A Xunta de Goberno, en sesión do 15 de outubro de 2018, tomou acordo sobre a entrega de resultados do encargo efectuado a Suplusa para a construción dos centros de atención a persoas maiores, en cuxa parte dispositiva reflicte:

“1º.- Tomar coñecemento dos acordos adoptados polo Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de marzo, 8 de maio e 7 de agosto de 2018 respectivamente, polos que, SUPLUSA S.A. entrega a esta Deputación Provincial os terreos e edificios destinados a residencias.

2º.- Entender a entrega libre de cargas e gravames e, neste sentido, a reserva de uso tense por non posta. Todo crédito, carga ou gravame que SUPLUSA SA entenda pode trasladar á Deputación debe concretarse no proceso de liquidación dos encargos. En ningún caso poderá implicar condicionantes para o círculo de decisión administrativa do ente tutelante e o exercicio das potestades que ten atribuídas.

3º.- Proceder con anterioridade á liquidación definitiva dos encargos, se proceda por funcionarios da área Técnicos (facultativos) coa debida habilitación profesional (sen mingua doutras colaboracións) a inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para que se obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

Do resultado da comprobación realizada deberá emitirse informe polos funcionarios (e de ser o caso coas oportunas colaboracións) aos que a Presidencia ordene a inspección e comprobación.

Funcionarios da Área de Servizos Sociais poderán acompañar aos funcionarios técnicos, a efectos de asesoramento e colaboración. Estes funcionarios de perfil social emitirán informe acerca do

mobiliario, enseres e demais equipamentos necesarios para a apertura e funcionamento das residencias e centros de día.

4º.- Dar traslado deste acordo á Intervención xeral ao obxecto de que realice as comprobacións finais das tarefas encomendadas por parte da deputación (comprobación material dos investimentos), o obxectivo de verificar o cumprimento da obrigaón do encomendado, nos termos do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado (BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018), no apartado de encargos a medios propios previstos no artigo 24.6 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público, as Bases de execución do orzamento e a Circular da Intervención provincial de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

5º.- Reiterar por derradeira vez a SUPLUSA a entrega das respectivas chaves no prazo improrrogable dos tres días hábiles seguintes ao do recibo deste acordo, de forma que poidan realizarse as tarefas de comprobación referidas nos parágrafos anteriores de cara a toma de posesión material do construído.

6º.- Ordenar ás Seccións de Patrimonio e Inventario que proceda á inscrición dos respectivos bens”.

VII.- Sobre a estimación de custos que asume a Deputación coa sinatura deste Convenio específico, segundo o Informe de 28 de novembro de 2018 da Xefa de Sección da Unidade de Benestar social e Igualdade:

“En relación ao financiamento, terase en conta o estudio de viabilidade e memoria económica-financeira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Pol, datado a 29 maio de 2018, á considerar que este estudo está aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de Pol para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de Pol.

Así, neste estudo reflíctense os seguintes custes:

- Contrato de servizos (tarefas/actuación a externalizar) 634.630,00 €
 1. servizo de atención directa de xerocultores

2. servizo de limpeza-lavandería
 3. servizo de restauración
- Gastos de persoal propio da Deputación de Lugo 123.796,00 €
 1. Responsable do Centro
 2. Administrativo do centro
 3. Equipo interdisciplinar
 1. Psicoloxía
 2. Fisioterapia
 3. Enfermería
 4. Terapia ocupacional /animador sociocultural
 5. Arquitectura técnica
 6. Oficial de oficios múltiples
 - Gastos de subministro, compras, etc directas pola Deputación de Lugo 94.070,00 €
 - Total, 852.496,00 €

Ase mesmo, o estudo realiza unha proposta de prezos públicos para facer fronte aos custes do servizo, sendo os seguintes:

- 1.390,00€ prazas residenciais para dependentes.
- 1.080,00€ prazas residenciais para válidos.
- 550,00€ para xornada completa en centro de día.
- Outros servizos complementarios.

Por outra banda o convenio recolle que a Deputación actuará como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco. Así deberase ter en conta para a aprobación deste convenio, non só os gastos reflectidos no estudo de viabilidade citado, senón tamén os gastos que a Deputación afronta con fondos propios, derivados do convenio marco xa mentado neste informe, así como do convenio específico que se ven a informar:

IMPUTACIÓN DAS RETRIBUCIÓN SALARIAIS AOS CONVENIOS MARCO E ESPECÍFICOS	% IMPUTADO	PERÍODO A IMPUTAR	IMPORTE TOTAL IMPUTABLE A TÓDOS OS CONVENIOS	IMPORTE IMPUTADO AOS CONVENIOS DE Pol
PERSOAL DA SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE				



IMPUTACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS SALARIAIS AOS CONVENIOS MARCO E ESPECÍFICOS		% IMPUTADO	PERÍODO A IMPUTAR	IMPORTE TOTAL IMPUTABLE A TÓDOS OS CONVENIOS	IMPORTE IMPUTADO AOS CONVENIOS DE Pol
Xefa de sección de Benestar Social e Igualdade	Silvia García López	60,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	18.266,69 €	3.044,45 €
Traballadora Social	Iria Lamazares Fernández	50,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	10.861,99 €	1.810,33 €
Traballadora Social	Angela Justo Rodríguez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	15.058,36 €	2.509,73 €
Traballadora Social	Estela Villalda Martínez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 30 de novembro de 2018	13.255,12 €	2.209,19 €
PERSONAL DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO					
Xefe do Servizo de Contratación e Fomento	Manuel Ángel Jove Losada	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	4.227,40 €	704,57 €
Técnico da Administración Xeral	José Domingo Rodríguez Ferreira	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	3.676,37 €	612,73 €
Técnico da Administración Xeral	Sonia Méndez García	20,00%	Dende o 1 de setembro de 2018 ata 31 de decembro de 2018	2.374,46 €	395,74 €
TOTAL					11.286,73 €

Táboa 1. Gastos da Deputación de Lugo de persoal derivados dos convenios marco para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e do convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, na anualidade 2018.

Todo estes cálculos poderanse estimar para o desenvolvemento do convenio do seguinte xeito, deixando constancia que trátase dunha previsión extraída do citado plan de viabilidade e non dunha certeza:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	Anualidade 1 de referencia	2019 dende 1 de marzo	2020	2021	2022 ata 20 de xuño
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	11.286,73 €	123.796,00 €	103.785,14 €	125.652,54 €	127.537,33 €	60.646,62 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO	0,00€	94.070,00 €	78.864,16 €	95.470,58 €	96.902,64 €	46.079,20 €

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	<i>Anualidade 1 de referencia</i>	2019 dende 1 de marzo	2020	2021	2022 ata 20 de xuño
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS	0,00€	634.630,00 €	532.045,97 €	647.649,44 €	661.195,08 €	314.675,78 €
	11.286,73 €	852.496,00 €	714.695,28 €	868.772,56 €	885.635,05 €	421.401,60 €

Táboa 2. Estimación do gasto de convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financieira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Pol. Dende o 20 de xuño de 2018 ata 20 de xuño de 2022, con inicio do contrato administrativo de servizos o 1 de marzo de 2019.

CUARTO.- Se temos en conta o citado estudio económico, así como, as ordenanzas de prezo público aprobadas polo Concello de Pol para os servizos de atención residencial e atención diúrna. Se consideramos os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística relativos as pensións medias e as consultas efectuadas aos servizos sociais comunitarios dos concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Pol, en abril de 2018 polos servizos sociais provinciais vía telefónica, temos un escenario dunhas capacidades económicas mensuais medias de 761,56€.

Salientar que as ordenanzas de prezo público establecen a participación no financiamento do servizo en función da capacidade económica da persoa usuaria. Isto é, a determinación da participación económica para os servizos básicos na modalidade ordinaria será en función da capacidade económica, dando lugar ao prezo público para cada persoa. Terase en conta aquí o recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo. En todo caso, nas dúas ordenanzas de prezo público defínese no artigo 4 a determinación de capacidade económica: a capacidade económica da persoa usuaria aos efectos destas Ordenanzas será a resultante da suma de todos os ingresos en cómputo anual (iga) máis a capacidade patrimonial (Cp). A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

Co obxecto de ser prudentes, se analizará o cálculo dos ingresos efectuados polas persoas usuarias en función dunha capacidade económica mensual de 754,21€, isto é, entendendo que ningún usuario ten mais ingresos que as pensións e que non teñen ningún tipo de propiedade ou ben que computar ao cálculo da súa capacidade económica) e só temos en conta o importe das

pensións medias segundo o Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016, para os concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Pol), e sendo coñecedores que a pensión media mensual da provincia é de 763,22 €, excluindo o Concello de Lugo que elevaría mais esta cantidade.

ENTIDADE	CAPACIDADE ECONÓMICA MENSUAL ESTIMADA.⁵	PENSIÓN MENSUAL MEDIA >65⁶
CONCELLO A FONSGRADA	680,00 €	733,73 €
CONCELLO DE CASTROVERDE	708,00 €	719,18 €
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO	615,00 €	759,33 €
CONCELLO DE POL	606,00 €	756,24 €
CONCELLO DE RIBADEO	1.092,00 €	855,96 €
CONCELLO DE RIBAS DO SIL	868,27 €	731,51 €
CONCELLO DE Pol	761,62 €	723,51 €
MEDIA ESTIMADA	761,56 €	<u>754,21 €</u>

Táboa 3. Capacidade media mensual (segundo datos dos servizos sociais comunitarios) e pensión media mensual para persoas maiores de 65 anos (Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016).

IMPORTE
PENSIÓN MEDIA MENSUAL NA PROVINCIA DE LUGO⁷
763,22 €

Táboa 4. pensión media na provincia de Lugo para persoas maiores de 65 anos. Datos excluindo o Concello de Lugo. Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

Neste escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 754,21€

5 Datos facilitados polos servizos sociais comunitarios dos concellos no mes de abril de 2018.

6 Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

7 Datos excluindo o Concello de Lugo. Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

mensuais, corresponderían uns ingresos de **392.489,52€**, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

USUARIOS	CAPACIDADE ECONÓMICA 754,21€	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 32	708,50 €	681,50 €	170,38 €	511,13 €	65.424,00 €	196.272,00 €	272.064,00 €
Válidos 4	686,77 €	393,23 €	98,31 €	294,92 €	4.718,76 €	14.156,28 €	32.964,96 €
Centro de día 18	404,91 €	145,09 €	36,27 €	108,82 €	7.834,86 €	23.504,58 €	87.460,56 €
TOTAL					77.977,62 €	233.932,86 €	392.489,52 €

Táboa 5. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

O custe de referencia do servizo de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou custe efectivo real do servizo .

O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional). Así, o Concello de Pol, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre custe efectivo real do servizo e o prezo público efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00€ por praza e mes de residencia e 300,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello, a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Neste escenario a Deputación tería que achegar 233.932,86€ para facer fronte as obrigas establecidas inicialmente no convenio marco (o 75% do déficit entre o custe de referencia e o prezo público do usuario) mais o 75% de o déficit total xerado entre o custe de referencia e o custe efectivo do servizo o cal nesta previsión ascendería a 148.096,00€, isto é, o 75% de dita cantidade 111.072,00€ sería o déficit asumir pola Deputación, entre o custe de referencia establecido na ordenanza de prezo público e o custo real efectivo. Polo que tendo en conta os datos económicos que se están a manexar neste informe, a Deputación asumiría un déficit de 345.004,86€ anual.

USUARIOS	CAPACIDADE ECONÓMICA 754,21€	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 32	708,50 €	681,50 €	170,38 €	511,13 €	54.520,00 €	163.560,00 €	226.720,00 €
Válidos 4	686,77 €	393,23 €	98,31 €	294,92 €	3.932,30 €	11.796,90 €	27.470,80 €
Centro de día 18	404,91 €	145,09 €	36,27 €	108,82 €	6.529,05 €	19.587,15 €	72.883,80 €
TOTAL					64.981,35 €	194.944,05 €	327.074,60 €
<i>Táboa 6. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público das persoas usuarias anualidade 2019.</i>							

Tendo en conta que a prestación iniciárase a 1 de marzo de 2019 neste escenario a Deputación tería que achegar 194.944,05€ para facer fronte as obrigas establecidas inicialmente no convenio marco (o 75% do déficit entre o custe de referencia e o prezo público do usuario) mais o 75% de o déficit total xerado entre o custe de referencia e o custe efectivo do servizo o cal nesta previsión ascendería a 127.695,28, isto é, o 75% de dita cantidade 95.771,46€ sería o déficit asumir pola Deputación, entre o custe de referencia establecido na ordenanza de prezo público e o custo real efectivo. Polo que tendo en conta os datos económicos que se están a manexar neste informe, a Deputación asumiría un déficit de 290.715,51€ na anualidade 2019.

En todo caso, terase en conta que o custo total do servizo estimado polo estudo de viabilidade ten en conta servizos complementarios que a data de hoxe non se contemplan levar a cabo inicialmente.

Para rematar este punto, deberase salientar o actual vixente artigo 64 bis da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no cal se establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a creación, a xestión e mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. O cumprimento deste artigo permitirá reducir os custes finais para a administracións locais que subscribiran este convenio, sen poder cuantificar os mesmos a data de hoxe.”

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra d, da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (20 de xuño de 2018).

VIII.- O Pleno da Deputación aprobou, o 30 de outubro de 2018, unha modificación das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”.

IX.- Recíbese na Deputación de Lugo certificación do acordo de aprobación do Convenio por parte do Concello de Pol, precisando que: *“O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado literalmente di: “8. Aprobación do Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación”.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS.

PRIMEIRA.- DE CARÁCTER XERAL: ACERCAMENTO A ACCIÓN PÚBLICA COLABORATIVA NA QUE SE INSCRIBE ESTE CONVENIO ESPECÍFICO.

Este convenio específico enmárcase na actividade prestacional de dúas administracións públicas locais, con competencias materiais e territoriais que, ao abeiro da súa potestade de auto-organización, deciden colaborar para alcanzar fins comúns ou compartidos.

Como di o Profesor Lorenzo Mellado Ruíz, no documento titulado “Acercamiento a la acción pública colaborativa: mecanismos horizontales y verticales de colaboración administrativa⁸”:

“Pode dicirse que, na actualidade, o modelo de “Estado relacional” é a evolución lóxica do previo “Estado prestacional”. Así, a nivel local, un dos modernos enfoques de ordenación e xestión das competencias, funcións e servizos ven constituído pola xestión agregada, conxunta e cooperativa dos mesmos por parte de diferentes entes públicos ou instancias de poder, desde unha perspectiva tanto horizontal ou de equilibrio institucional coma vertical ou de coordinación/supervisión superiores. A xestión colaborativa e a agregación de esforzos é hoxe unha realidade, ratificada normativamente en diferentes instrumentos, e as diferentes técnicas de cooperación interadministrativa unha opción mais de ordenación eficiente, pero non exclusiva, das competencias propias. A última gran reforma local, seguindo a senda estratéxica e ideolóxica estatal marcada anteriormente, e confirmada despois nas normas de cabeceira do grupo normativo básico administrativo (Lei 39/2015 e Lei 40/2015), é un claro exemplo desta tendencia, seguramente non episódica ou coxuntural, senón claramente basal, como novo paradigma –aínda non determinante nin exclusivo, loxicamente- dos modelos de organización e xestión a nivel local. Quizais poda dicirse, en xeral, que o Dereito administrativo actual, o Dereito “postcrisis”, ven marcado, aínda a risco dunha excesiva simplificación, por unha serie de eixos ou vectores de referencia, entrecruzados pero carentes de sistematización, e inspirados igualmente nun conxunto de principios mínimos comúns, como os de eficiencia e aforro, simplificación e redimensionamento dos aparatos organizativos e dos procesos decisoriais e de xestión, control e supervisión, e reequilibrio das relacións entre os poderes públicos e os cidadáns. Quizais respondan todos a unha mesma ideoloxía ou finalidade, a alixeración de cargas e costes do Estado e a busca de novos

⁸ Cemci, Diputación de Granada, actividades de formación.

modelos de corresponsabilización social e flexibilización das técnicas de intervención como motor de dinamización da economía.

Pero, en calquera caso, moitos destes enfoques conflúen nestas novas realidades, aínda plurales e difusas, da xestión administrativa compartida ou conxunta, adquirindo, ó seu través, unha importancia crecente en todos os ámbitos, e, concretamente, tras a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, no nivel máis próximo á cidadanía. En canto as técnicas de colaboración público-público horizontal e non institucionalizada e os convenios interadministrativos, atendendo ao art. 144.1 LRXSP, hai que soste que non existe realmente un elenco pechado ou taxado de instrumentos de colaboración interadministrativa, debendo estar ademais a unha interpretación funcional ou causal dos mesmos, e non tanto formal ou denominativa.

O suposto de utilización de instrumentos de colaboración público-público, englobaría as actividades relacionais entre diferentes administracións ou persoas xurídico-públicas, coa división entre relacións horizontais ou conveniais e verticais ou institucionais”(...).

Neste caso, a cooperación instruméntase por medio dun convenio de cooperación interadministrativo do artigo 47 e concordantes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cunha relación convencional bilateral (composición de vontades) para a satisfacción axeitada de intereses públicos.

SEGUNDA.- MARCO NORMATIVO DESTA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

2.1.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

2.2.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas, tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

2.3.- Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

2.4.- O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) ”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

2.5.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ocúpase, nos artigos 140 e seguintes, das relacións interadministrativas. Así, o artigo 140 define os principios das relacións interadministrativas, entre outros:

“c) Colaboración, entendido coma o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común.

e) Coordinación, en virtude do cal unha Administración Pública e, singularmente, a Administración Xeral do Estado, ten a obriga de garantir a coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o prevé a Constitución e o resto do ordenamento xurídico”.

2.6.- O artigo 143 da mesma Lei, regula as relacións e os termos da cooperación entre administracións públicas:

“1. As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios”.

2.7.- Entre as técnicas de cooperación, o artigo 144 menciona:

“d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas.

g) As actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens, previstas na lexislación patrimonial.

O artigo 144.2 determina: “Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben”.

2.8.- Estas técnicas interadministrativas de tipo colaborativo, na faceta de cooperación, estímúlanse na propia Lei de servizos sociais de Galicia, dunha maneira singular: artigos 64 e 64 bis.

2.9.- En definitiva, no escenario da respectiva autonomía das EELL que concertan vontades, por vía convencional, xustifícase este mecanismo ou sistema de agregar esforzos para a prestación de servizos sociais (definidos como servizo público no artigo 1º da Lei de servizos sociais de Galicia): a acción pública relacional encamiñada a unha actividade administrativa prestacional compartida (STC 27/1987, do 27 de febreiro).

TERCEIRA. REQUISITOS E CONTIDO DOS CONVENIOS.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 - b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 - c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 - d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
 - e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 - f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 - g) Réxime de modificación do convenio.
 - h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

No caso analizado a cualificación é a de convenio interadministrativo, cooperativo, para desenvolver, en esencia, unha actividade prestacional.

Ao expediente xúntase, desde a perspectiva da formación da vontade provincial, a xustificación da súa eficacia para acadar os fins perseguidos (distintos antecedentes ingresados no expediente ou relacionados nos respectivos informes consonte a unha motivación “in aliunde”, singularmente o informe da xefatura de sección de servizos sociais ou este mesmo informe), ao facilitar o uso conxunto de medios para fins de servizo público. Debe incorporarse tamén a

avaliación da sustentabilidade financeira do convenio e a distribución plurianual dos gastos comprometidos: Artigos 48 e 49 da LRXSP.

CUARTA.- TÍTULOS COMPETENCIAIS.

As técnicas de cooperación non deben alterar o sistema competencial (STC 214/1989). Estas fórmulas cooperativas, explicitan mecanismos de suma de medios para fins de interese de ambas entidades, de interese xeral, en ocasións con competencias compartidas e mesmo solapadas.

Non obstante, no caso que nos ocupa, os títulos competencias veñen fixados claramente na lexislación de réxime local, estatal e autonómica e sobre todo na Lexislación autonómica sectorial aplicable. Vexamos:

4.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na mesma liña, a disposición adicional cuarta desa Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas

para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (en adiante, LSSG), establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da Lei (Galicia) 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, introducido polo artigo 21 da Lei (Galicia) 9/2017, 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 28 decembro):

“3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola

lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio , para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación”.

A súa vez, este mesmo precepto promove a colaboración interadministrativa, entre outras actividades ou accións, para a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. A colaboración promovida pola lexislación autonómica de servizos sociais (art. 64 bis LSG), canalízase por vía de convenio e reflicte termos de dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos, financeiros e, no seu caso, tamén das instalacións dos centros.

4.2. COMPETENCIAS PROVINCIAIS.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no artigo 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos, como o aseguramento dunha prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

O artigo 118.letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da Provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos .

O propio artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a subscripción de convenios que neste caso canalizan a cooperación económica e técnica (art. 30.1 letra a do citado TRRL) e de asistencia e coordinación para homoxeneizar prestacións e mecanismos de economía de escala.

O artigo 36.1 da LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados a) b) e d) as seguintes:

- A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.
- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (...).
- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (artigo 36.1 d).

Ademais, en aplicación do artigo 36.2 letra d) da LRBRL, “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles lles encomenden”, xunto cos mecanismos de eventual contratación conxunta previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro (en adiante, LCSP).

A LALG regula, nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b) “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

Os artigos 114 e 115 da LALG prevén, respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e, para mais abastanza, a Xunta de Galicia (artigo 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

4.3. COMPETENCIAS DA XUNTA DE GALICIA.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do

3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

O artigo 59 da repetida Lei de Servicios Sociais de Galicia (Lei 13/2008, do 3 de decembro) enumera as competencias da Xunta de Galicia, que se deixan a salvo no convenio, salientando o deber de colaboración da propia Xunta, relatado no seu artigo 64 e de forma máis concreta no artigo 64 bis:

“1. De acordo co establecido no artigo anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

2. Os convenios aos que se refire o número anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias, ou a cofinanciación de centros de día e residencias

nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso, das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir con los principios establecidos en esta disposición”.

O propio convenio específico, identificado na cabeceira, na cláusula 17ª estipula o compromiso das partes de demandar dos órganos competentes da Xunta de Galicia financiamento de prazas e para dotar ao centro de transporte adaptado.

QUINTA.- SOBRE A INCIDENCIA NA EFICIENCIA E SOSTIBILIDADE DA ACTIVIDADE PRESTACIONAL PERSEGUIDA.

Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Na estrutura deseñada neste convenio específico, no marco dun sistema en rede, de xestión directa e control públicos, a cooperación interadministrativa amósase como especialmente operativa e eficaz.

A Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, con fundamento no dereito comunitario, Artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello. Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen

que os resultados desa cooperación podan cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Neste senso, O Decreto 99/2012 da Xunta de Galicia, establece a caracterización de áreas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado na citada norma regulamentaria. As áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos concellos como unidade básica de prestación dos servizos, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios poboacionais, sociais e xeográficos.

A tipoloxía das áreas establécese atendendo ás características que presentan, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica, así como, índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. Deste xeito as áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios clasifícanse nos seguintes tipos: áreas urbanas; áreas metropolitanas; áreas semiurbanas; áreas rurais; e áreas rurais de alta dispersión.

Xa que logo, como se escribe no informe da xefatura de sección de servizos sociais, propúgnase unha prestación dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións aos usuarios, cun financiamento sostible acorde a capacidade económica dos usuarios, progresiva e redistributiva, así como, en función da capacidade de financiamento dos concellos, sen esquecer o modelo de xestión que permitirá o aforro na prestación dos servizos, e non a costa de reducir a calidade dos mesmos, senón por minimizar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada, á vez, que se apoia na experiencia da xestión dos servizos sociais comunitarios que as entidades locais implicadas teñen acreditada coa seu labor diaria, tanto no Servizo de Axuda no Fogar, no Servizo de Teleasistencia, etc.

Coa aposta por este convenio e o modelo de xestión que el implica se está apostar por un proxecto viable sustentable, convertendo nunha oportunidade, no eixo dunha economía circular necesaria e demandada nas zonas rurais máis afectadas por esta situación. Por iso resulta tan importante para a provincia de Lugo, este convenio específico que diseña unha estratexia de

acción-reacción baseado nos servizos sociais públicos de calidade, de proximidade, e centrados na persoa sexan o eixo da nova economía, onde o terceiro sector sexa a base do sector primario. Factores que se ordenan neste convenio específico.

SEXTA.- SOBRE A NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público, á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”.

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes (administracións públicas) non teñen vocación de mercado (...).

O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de auto-organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre dúas administracións públicas, aínda que singular e cunha normativa especial de cobertura, con contraprestacións entre

os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

SÉTIMA.- SOBRE A CUANTIFICACIÓN DA ACHEGA DO CONVENIO DE POL, COMPROMETIDA NO CONVENIO SUBSCRITO O 31 DE XANEIRO DE 2011.

O Convenio Marco asinado o 20 de xuño de 2018, na disposición adicional IV dicía:

IV.- Este convenio marco substitúe, aos asinados no ano 2011 cos Concellos con centros de atención a maiores rematados ou próximos a rematar (Castroverde, Fonsagrada, Pedrafita, Pol, Ribas do Sil, Trabada) singularmente nos aspectos que se vexan directamente afectados; estes convenios entrarán en fase de extinción e liquidación, aplicando a figura do mutuo acordo.

A cláusula 14ª do Convenio Específico aprobado polo Concello-Pleno de Pol, en sesión de 26 de outubro de 2028, recolle a seguinte forma de pago:

SOBRE A LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO NA DATA DE 31 DE XANEIRO DE 2011, ENTRE O CONCELLO DE POL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

14.1. Como consecuencia da sinatura e aplicación de dito convenio de colaboración desenvolvéronse, en síntese, os seguintes trámites:

- a) A adquisición da parcela.*
- b) A construción da edificación para Centro de atención a persoas maiores.*
- c) A entrega á Deputación Provincial, por parte de Suplusa, nas condicións incorporadas ao expediente, tanto da parcela como da edificación, coa correspondente toma de razón e liquidación, no marco do réxime xurídico aplicable aos encargos e correspondentes facultades de tutela.*

d) A proposta de pago, por parte do Concello de Pol, das contías comprometidas, conforme ao calendario seguinte: 10.000 euros a pagar no ano 2020 e o resto a pagar en cuotas iguais en dez anos, é dicir, do ano 2021 ao ano 2030, ambos incluídos.

No caso de impago da cantidade a financiar polo Concello de Pol, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

e) A adscrición, por parte da Deputación, da parcela e edificación, para a actividade de atención residencial e diúrna.

14.2. O referido convenio considerase liquidado e, polo tanto, extinguido, dando por cumpridos os obxectivos e fins perseguidos, coa sinatura deste convenio específico.

Entendemos que a distribución resultante desa redacción, unha vez contrastado o importe comprometido e non pagado (303.587,09 euros) é a seguinte:

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	29.358,71
2022	29.358,71
2023	29.358,71
2024	29.358,71
2025	29.358,71
2026	29.358,71
2027	29.358,71
2028	29.358,71
2029	29.358,71
2030	29.358,70
TOTAL	303.587,09

A cantidade adebedada non quedou precisada, aínda que sí determinadas as anualidades e a súa distribución, no Convenio específico aprobado polo Concello-Pleno de Pol.

Razóns de seguridade xurídica e precisión da débeda do Concello de Pol, como consecuencia da achega comprometida para a construción do CAM de Pol, aconsellan que se

introduza un anexo ao convenio específico. Este anexo non ten tanto carácter modificativo, senón de desenvolvemento ou precisión dos compromisos económicos asumidos e consecuentemente, liquidación, por mutuo acordo, do Convenio asinado en 2011: periodificación dos resultantes da liquidación económica e extinción daquel convenio.

Por esta razón, en Anexo, que debe ser asumido por ambas entidades, establécese o seguinte sistema de pago para o Concello de Pol, que se incorporará en Anexo ao convenio obxecto do presente informe:

IMPORTE COMPROMETIDO POLO CONCELLO DE POL NO CONVENIO DE 31/01/2011: 303.587,05 EUROS. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES.

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	29.358,71
2022	29.358,71
2023	29.358,71
2024	29.358,71
2025	29.358,71
2026	29.358,71
2027	29.358,71
2028	29.358,71
2029	29.358,71
2030	29.358,70
TOTAL	303.587,09

Darase traslado ao Concello de Pol, para que sexa aprobado polo órgano competente e subscrito, tanto o convenio como o Anexo, en unidade de acto, unha vez complementados os trámites administrativos.

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA APROBAR ESTE CONVENIO.

En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de

2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD) e inferior á prevista na D.A. 2ª da LCSP (inferior a 6 millóns de euros e duración non superior ó 4 anos). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, en relación coa vixencia deste Regulamento e acordo de conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestaba aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

NOVENA. A efectos de completar este informe remitímonos ao indicado no Informe emitido para a tramitación e aprobación do Convenio Marco bilateral do que trae causa o presente. As previsións deste convenio específico, completadas co convenio marco ao que desenvolve, axústase ás esixencias do artigo 49 da LRXSP ao igual que a normativa de preparación (art. 48 LRXSP). En canto ás obrigas e compromisos de contido económico asumidos por cada unha das partes, fíxase o sistema para a súa concreta determinación na cláusula 6ª do Convenio Marco e na 7.5 do Convenio específico. A concreción das mesmas e a súa distribución queda pendente ata o desenvolvemento dos trámites de licitación para as prestacións que sexan obxecto de contrato de servizos e a selección de persoal para as funcións a desenvolver por empregados públicos. Os importes adebedados, en relación coa adquisición do terreo e a construción, figuran na cláusula sétima.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”
(...)

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal), co anexo referente a liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, conforme ao seguinte plan de pagos por anualidade e importes:

ANO	IMPORTE
2020	10.000,00
2021	29.358,71
2022	29.358,71
2023	29.358,71
2024	29.358,71
2025	29.358,71
2026	29.358,71
2027	29.358,71
2028	29.358,71
2029	29.358,71
2030	29.358,70
TOTAL	303.587,09

2º.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2019: 714.695,28 €

Ano 2020: 868.772,56 €

Ano 2021: 885.635,05 €

Ano 2022: 421.401,60 € (ata o 20 de xuño dese ano).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos respectivos orzamentos anuais, as contías expresadas.

3º.- Tomar razón dos gastos de persoal de Deputación dispostos, no exercicio de 2018, en execución do convenio marco asinado co Concello de Pol o 20 de xuño de 2018 e para a implantar este convenio específico, cuantificados en 11.286,73 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

TERCEIRO.- *Modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Taboada coa finalidade común de colaborar na execución do campo de fútbol de céspede artificial en A Medela.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, coa finalidade común de colaborar na execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 22 de decembro de 2017, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Taboada coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela.

En data 26 de decembro de 2017, asinouse dito convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada.

En data 06 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno prestou aprobación á modificación do indicado convenio interadministrativo, de tal xeito que o investimento sexa “execución de campo de fútbol de céspede artificial e acondicionamento de campo de fútbol de céspede natural en A Medela”, fixando como prazo límite para a execución o 30 de novembro de 2018 e de xustificación o 15 de decembro de 2018.

En data 23 de xullo de 2018, asinouse dita modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada.

D. Ramiro Moure Ansoar, Alcalde do concello de TABOADA, achega á Deputación de Lugo escrito de data 21 de novembro de 2018, debidamente asinado, a través do que solicita “... a ampliación dos prazos de execución e xustificación dos investimentos co seguinte detalle:

- *Anualidade de 2017: ampliar o prazo de xustificación do investimento ata o 12 de decembro de 2018 e a data para xustificar dito investimento o 15 de decembro de 2018.*
- *Anualidade de 2018: ampliar o prazo de execución do investimento ata o 29 de xaneiro de 2019, e a data de xustificación final do investimento ata o 14 de febreiro de 2019”.*

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “*as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades*”.

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “*son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común*”.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “*Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*

- a) *Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).*”

Neste caso a tipoloxía é a mencionada, de convenio de colaboración interadministrativo.

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. *As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)*”

CUARTO.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) *Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- b) *A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- c) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- d) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.*
- e) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- f) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- g) *Réxime de modificación do convenio.*
- h) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*

- a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
- b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)*

QUINTO.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que *“as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”*; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) *“lealdade institucional”* e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán *“Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”*.

Na idea de potenciar a cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que *“non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”* –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 57.3 da LBRL apunta á preferencia da técnica de cooperación mediante convenio, respecto de outros mecanismos como os consorcios. Os artigos 143 e seguintes da Lei 40/2015, do

1 de Outubro, alude ás técnicas de cooperación, que se poderán formular coa aceptación expresa das partes a través de órganos de cooperación ou mediante convenios, como e o caso.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “ 1.- *A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)*

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 23 e 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “*a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito*”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “*é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia*”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “*(...), b) Asistencia*

e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

SÉTIMO.- O municipio de Taboada é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais, como a Lei de deporte de Galicia.

OITAVO.- O Concello de Taboada, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Taboada a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Taboada tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio de colaboración.

NOVENO.- Sinalar que este convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, reflectida actualmente no propio Artigo 31 da LCSP referente á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste suposto horizontal.

DÉCIMO.- Á presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

- a) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que *“están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da*

Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

- b) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “*en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción*”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais

fixadas na cláusula terceira do convenio e modificación do mesmo, e o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos firmantes. No expediente analizado, o convenio prevé unha cláusula expresa de modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para a execución dos investimentos financiados con cargo a anualidade de 2017 quede fixada no 12 de decembro de 2018 e a xustificación dos mesmos quede fixada no 15 de decembro de 2018; e a anualidade de 2018 poida ser executada ata o 29 de xaneiro de 2019 e xustificada ata o 14 de febreiro de 2019.

DÉCIMO SEGUNDO.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018), trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a modificación segunda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Taboada, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en execución de campo de fútbol de céspede artificial en A Medela, de tal xeito que o prazo límite para a execución e xustificación das anualidades 2017 e 2018 sexa:

- Actuacións financiadas con cargo á anualidade de 2017: execución ata o 12 de decembro de 2018 e xustificación ata o 15 de decembro de 2018.
- Actuacións financiadas con cargo á anualidade de 2018: execución ata o 29 de xaneiro de 2019 e xustificación ata o 14 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

CUARTO.- *Modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribadeo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo, que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

PRIMEIRO.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27 de outubro de 2017, prestou aprobación ao convenio interadministrativo

entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo. Este convenio foi modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de setembro de 2018, no que refire á aplicación da baixa producida na licitación e ampliando o prazo de execución e xustificación.

SEGUNDO.- En data 21 de decembro de 2017, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de RIBADEO, asinándose a modificación do mesmo o 20 de setembro de 2018, no que entre outros se modificaba a cláusula terceira e cuarta no seguinte sentido, :

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de novembro de 2018.

(…)

Unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio, e no prazo máximo do 10 de decembro de 2018 o Concello de Ribadeo achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa ...”

TERCEIRO.- Don Fernando Suárez Barcia, Alcalde do Concello de RIBADEO, achega a Deputación de Lugo escritos debidamente asinados, de data 21 e 23 de novembro de 2018 respectivamente, a través dos que manifesta: unha vez avanzadas as obras foi necesario unha modificación do contrato, que, por razón de interese público, debido ás seguintes causas imprevistas como son a aparición no subsolo de roca, soleira de formigón de espesor maior de 20 cm e a imposibilidade de executar a capa de regularización do firme con slurri, solicita unha ampliación para a execución da anualidade de 2018 até o 30 de marzo de 2019, co compromiso de xustificar o devandito convenio nos primeiros dez días do mes seguinte á finalización da execución das obras (10-04-2019).

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que *“as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa*

administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que *“son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer *“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*

- a) *Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”*

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece *“1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”*

CUARTO.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta que “deberán incluír, polo menos:

- i) *Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- j) *A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- k) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- l) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
- m) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- n) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- o) *Réxime de modificación do convenio.*
- p) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 - a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prorroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

QUINTO.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación

entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “*lealdade institucional*” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “*Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias*”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. *As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba*”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “*non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997*” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- *A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)*

2.- *A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados*

3.- *Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril*

(...)

6.- *As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)*

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é *“a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”*.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que *“é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”*, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: *“(…), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”*.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

SÉTIMO.- O municipio de Ribadeo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...*; b) *Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...*; c) *Abastecemento de auga potable a domicilio ...*; d) *A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)*; e tamén *materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.*”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “*os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugалlos*”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “*nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)*”

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “*ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares*”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “*... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas*”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “*mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares*” e 33.6 da amentada Lei, “*correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os*

elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) *Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...)*; artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

OITAVO.- O Concello de Ribadeo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Ribadeo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Ribadeo tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

NOVENO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación

das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Ribadeo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

DÉCIMO.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

- c) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que *“están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”*
- d) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que *“quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”*.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a

lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que *“en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”*.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

O propio convenio asinado entre o Concello de Ribadeo e a Deputación de Lugo en data 21 de decembro de 2017 prevé a modificación na súa cláusula sexta.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio:

- a) Para que a execución da obra sexa executada da acordo co proxecto modificado acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo achegado por escrito de data 21-11-2018, e financiando o concello o importe que supere as achegas comprometidas pola Deputación.
- b) Para ampliar ata o 30 de marzo de 2019 o prazo para executar as actuacións financiadas con cargo a anualidade de 2018, co compromiso de achegar a xustificación destas antes do 10 de abril de 2019.

DÉCIMO SEGUNDO.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Por todo o exposto proponse:

Aprobar a modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribadeo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo, de tal xeito que:

- c) A execución da obra sexa executada da acordo co Proxecto modificado acondicionamento e urbanización da Avenida da Ría de Ribadeo achegado por escrito, de data 21-11-2018, e financiando o concello o importe que supere as achegas comprometidas pola Deputación.

- d) Ampliar ata o 30 de marzo de 2019 o prazo para executar as actuacións financiadas con cargo a anualidade de 2018, co compromiso de achegar a xustificación destas antes do 10 de abril de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

QUINTO.-. *Convenio da subvención directa excepcional outorgada por Esta Deputación á Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Expolugo a Rural”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Expolugo a rural”, polo importe de 32.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 16.000,00€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.
4. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.
6. Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

7. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a promoción e defensa dos sectores agrícola e gandeiro, considerados estratéxicos para a economía da provincia de Lugo, así como a recuperación, potenciación e conservación de razas e produtos tradicionais.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 32.000,00€ a favor da entidade FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO, para sufragar os gastos derivados da actividade “Expolugo a rural”, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 32.000,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO, para sufragar gastos derivados da actividade “Expolugo a rural”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo en cota que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 221 do 25 de setembro de 2017.

Considerando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV

Tendo en conta que con data 29 de decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Considerando que a seguinte entidade beneficiaria renuncian a subvención outorgada:

EXP.	EMPRESA	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29942	RIVAS RIGUEIRA AUTOMOCION S.L.	9.000,00 €	22/11/2018

Tendo en conta que a entidade nunca cobrou anticipo, xa que non tivo traballador contratado. Na bolsa do 22 de outubro de 2018, asignóuselle o seguinte candidato Don Angel Vila Fernández, pero non chegou a ser contratado pola entidade.

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Fomento de Emprego da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia da seguinte empresa:

EXP.	EMPRESA	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29942	RIVAS RIGUEIRA AUTOMOCION S.L.	9.000,00 €	22/11/2018

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REINTEGRO PARCIAL DE PRONE LUGO, ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA A CLUBS DEPORTIVOS E SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS DA PROVINCIA DE LUGO PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2015-2016, POLA SÚA PARTICIPACIÓN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, ANUALIDADE 2016.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do seguinte teor:

“Vistas as actuacións que integran o expediente de reintegro de referencia, e o acordo de Xunta de Goberno de data de 8 de outubro de 2018 de aprobación de conta xustificativa de PRONE Lugo Asociación Deportiva de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs

deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, e inicio de procedemento de reintegro parcial e apertura de trámite de audiencia.

Tendo en conta que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, establece no seu artigo 42.2 que o procedemento de reintegro poderá iniciarse, ademais de por os medios previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por iniciativa do órgano competente, orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia como consecuencia dun informe de control financeiro, emitido pola Intervención Xeral da Administración do estado ou no seu caso órgano de control interno da administración autonómica ou local e que procederá notificarlle tal acordo ao beneficiario, concedéndolle prazo para que alegue ou presente os documentos que considere pertinentes, con indicación da causa que determina o seu inicio, as obrigas incumpridas e o importe da subvención afectado.

Tendo en conta que á vista das circunstancias expostas e informes e documentación obrantes no expediente, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 8 de outubro de 2018 acordou a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Aprobar a conta xustificativa formulada por PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativa á subvención, en réxime de concorrência non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por por importe de 130.839,63 por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, coa redución aplicada á vista de que o gasto xustificado ascende a 76.656,02, polo que correspondería un reintegro de 28.015,68 euros, á vista do adianto do 80 % cobrado polo beneficiario por importe de 104.671,70 euros.*
- 2.-Iniciar o respectivo procedemento de reintegro parcial, contra PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativo á subvención, en réxime de concorrência non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo*

para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, e a apertura do correspondente trámite de audiencia, debendo alcanzar o procedemento de reintegro parcial a cantidade de 28.015,68, cos intereses que, segundo a normativa de aplicación, a citada cantidade xere.

3.- Notificar ao interesado o acordo de incoación e inicio de procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de 15 días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e efectuar, contra o mesmo, as alegacións que considere pertinentes e presentar os documentos e as xustificacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses.

Tendo en conta que dos referidos acordos se lle deu traslado ao interesado e consta no expediente o aviso de recibo da súa recepción por parte do beneficiario.

Tendo en conta que o interesado, dentro do prazo de quince días outorgado na notificación do acordo de inicio do procedemento de reintegro de data 8 de outubro de 2018 no previsto trámite de audiencia concedido non formulou ningunha alegación.

Tendo en conta que da documentación presentada por PRONE Lugo Asociación Deportiva como xustificación de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, e de acordo cos deficiencias detectadas polo servizo de Intervención e dos respectivos informes, e das actuacións que integran o expediente, quedou acreditado:

a) A inclusión na relación de gastos da conta xustificativa formulada, e de acordo coas deficiencias advertidas no seu día ao beneficiario e co oficio de Intervención de data 06/09/2018, de diversos apuntes de conceptos que se considerarían non vinculados ao obxecto da subvención por se referiren a conceptos que non se corresponderían a gastos da entidade deportiva de temporada

2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016.

b) A achega de documentos relativos a gastos de persoal denominados co concepto “primas de contrato” dos que non se achega acreditación, no seu caso, do pagamento das cotizacións á Seguridade Social.

c) Que non se emendaron por parte do beneficiario as deficiencias detectada no seu momento, relativa a diversas facturas e documentos “RECIBÍ”, reflectidas nos respectivos informes.

d) Que consta no expediente informe do servizo de Recursos Humanos, da consideración de que existe obriga de pagamento a seguridade social das respectivas cotizacións (cota empresarial e cota obreira), vinculadas as "primas de contrato" pois estas constitúen salario, conforme ao establecido pola normativa de aplicación e pola xurisprudencia, relativos á actividade deportiva subvencionada desenvolta por PRONE Lugo Asociación Deportiva e visto que á mesma conclusión debe chegarse respecto das retribucións abonadas polo concepto de "trabajos de monitorización informática de entrenamientos primera plantilla" .

Tendo en conta que á vista dos respectivos informes e do correspondente trámite de audiencia ao interesado, a Xunta de Goberno de 8 de novembro adoptou os acordos anteriormente indicados, e que por tanto considérase acreditado o incumprimento das obrigas concretas regulamentariamente impostas en canto á xustificación da subvención, dada a consideración da non acreditación de determinados gastos relacionados e da acreditación da inclusión de gastos non xustificables, en aplicación do previsto no artigo 37 da Lei 38/20013 en relación co artigo 30 e coas normas reguladoras da subvención.

Tendo en conta que en relación ao cálculo dos xuros que correspondan, sinala o artigo 38 da LXS que o xuro de mora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de presupostos xerais do Estado estableza outro diferente, e do previsto para os fondos procedentes da Unión Europea na súa lexislación específica.

Tendo en conta que con data 19 de novembro de 2018, Tesourería da Deputación Provincial de Lugo achega oficio de resposta a petición do servizo de Deportes relativo ao cálculo de xuros de mora relativos á subvención a PRONE Lugo Asociación Deportiva obxecto de expediente de

reintegro, de acordo ao importe de reintegro parcial acordado por importe de 28.015,68 euros, reflectindo os períodos de aplicación e o xuro aplicado e que se incorpora ao expediente.

Tendo en conta que de acordo co importe de cálculo de xuros de mora remitido, ascendería á cantidade de 1784,56 euros e que en consecuencia, a cifra total de reintegro ascendería a 29.800,24 euros (28.015,68 euros de importe principal e 1784,56 euros de xuros de mora).

Tendo en conta que a Xunta de Goberno é o órgano competente para ditar o acordo de reintegro da subvención de referencia por canto foi o órgano concedente da mesma e é a este ao que, segundo o artigo 41.1 da Lei Xeral de Subvencións, lle compete esixir o seu reintegro, cando aprecie a existencia dalgún dos supostos que dan lugar ao mesmo.

Atendendo a todo o exposto e á vista dos informes obrantes no expediente e circunstancias indicadas, o deputado que subscribe proponlle á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o reintegro parcial por parte de PRONE Lugo Asociación Deportiva, relativo á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, por un importe total, unha vez engadidos os xuros de mora, de 29.800,24 euros (28.015,68 euros de importe principal e 1.784,56 euros de xuros de mora).

2º.- Notificar ao interesado o presente acordo de reintegro polo importe indicado, requiríndolle o reintegro correspondente e sinalando os prazos e forma de realización do pago”.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, do seguinte teor:

“Vistas as actuacións que integran o expediente de reintegro de referencia, e o acordo de Xunta de Goberno de data de 8 de outubro de 2018 de aprobación de conta xustificativa de PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, e inicio de procedemento de reintegro parcial e apertura de trámite de audiencia.

Tendo en conta que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, establece no seu artigo 42.2 que o procedemento de reintegro poderá iniciarse, ademais de por os medios previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por iniciativa do órgano competente, orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia como consecuencia dun informe de control financeiro, emitido pola Intervención Xeral da Administración do estado ou no seu caso órgano de control interno da administración autonómica ou local e que procederá notificarlle tal acordo ao beneficiario, concedéndolle prazo para que alegue ou presente os documentos que considere pertinentes, con indicación da causa que determina o seu inicio, as obrigas incumpridas e o importe da subvención afectado.

Tendo en conta que á vista das circunstancias expostas e informes e documentación obrantes no expediente, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 8 de outubro de 2018 acordou a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Aprobar a conta xustificativa formulada por PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativa á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de*

temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por por importe de 130.839,63 por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, coa redución aplicada á vista de que o gasto xustificado ascende a 76.656,02, polo que correspondería un reintegro de 28.015,68 euros, á vista do adianto do 80 % cobrado polo beneficiario por importe de 104.671,70 euros.

2.-Iniciar o respectivo procedemento de reintegro parcial, contra PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativo á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 16 de decembro de 2016, e a apertura do correspondente trámite de audiencia, debendo alcanzar o procedemento de reintegro parcial a cantidade de 28.015,68, cos intereses que, segundo a normativa de aplicación, a citada cantidade xere.

3.- Notificar ao interesado o acordo de incoación e inicio de procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de 15 días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e efectuar, contra o mesmo, as alegacións que considere pertinentes e presentar os documentos e as xustificacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses.

Tendo en conta que dos referidos acordos se lle deu traslado ao interesado e consta no expediente o aviso de recibo da súa recepción por parte do beneficiario.

Tendo en conta que o interesado, dentro do prazo de quince días outorgado na notificación do acordo de inicio do procedemento de reintegro de data 8 de outubro de 2018 no previsto trámite de audiencia concedido non formulou ningunha alegación.

Tendo en conta que da documentación presentada por PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA como xustificación de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos

de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, e de acordo cos deficiencias detectadas polo servizo de Intervención e dos respectivos informes, e das actuacións que integran o expediente, quedou acreditado:

a) A inclusión na relación de gastos da conta xustificativa formulada, e de acordo coas deficiencias advertidas no seu día ao beneficiario e co oficio de Intervención de data 06/09/2018, de diversos apuntes de conceptos que se considerarían non vinculados ao obxecto da subvención por se referiren a conceptos que non se corresponderían a gastos da entidade deportiva de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016.

b) A achega de documentos relativos a gastos de persoal denominados co concepto “primas de contrato” dos que non se achega acreditación, no seu caso, do pagamento das cotizacións á Seguridade Social.

c) Que non se emendaron por parte do beneficiario as deficiencias detectada no seu momento, relativa a diversas facturas e documentos “RECIBÍ”, reflectidas nos respectivos informes.

d) Que consta no expediente informe do servizo de Recursos Humanos, da consideración de que existe obriga de pagamento a seguridade social das respectivas cotizacións (cota empresarial e cota obreira), vinculadas ás "primas de contrato" pois estas constitúen salario, conforme ao establecido pola normativa de aplicación e pola xurisprudencia, relativos á actividade deportiva subvencionada desenvolta por PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA e visto que á mesma conclusión debe chegarse respecto das retribucións abonadas polo concepto de "Trabajos de monitorización informática de entrenamientos primera plantilla”.

Tendo en conta que á vista dos respectivos informes e do correspondente trámite de audiencia ao interesado, a Xunta de Goberno de 8 de novembro adoptou os acordos anteriormente indicados, e que por tanto considérase acreditado o incumprimento das obrigas concretas regulamentariamente impostas en canto á xustificación da subvención, dada a consideración da non acreditación de determinados gastos relacionados e da acreditación da inclusión de gastos non

xustificables, en aplicación do previsto no artigo 37 da Lei 38/20013 en relación co artigo 30 e coas normas reguladoras da subvención.

Tendo en conta que en relación ao cálculo dos xuros que correspondan, sinala o artigo 38 da LXS que o xuro de mora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de presupostos xerais do Estado estableza outro diferente, e do previsto para os fondos procedentes da Unión Europea na súa lexislación específica. Tendo en conta que con data 19 de novembro de 2018, Tesourería da Deputación Provincial de Lugo achega oficio de resposta a petición do servizo de Deportes relativo ao cálculo de xuros de mora relativos á subvención a PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA obxecto de expediente de reintegro, de acordo ao importe de reintegro parcial acordado por importe de 28.015,68 euros, reflectindo os períodos de aplicación e o xuro aplicado e que se incorpora ao expediente.

Tendo en conta que de acordo co importe de cálculo de xuros de mora remitido, ascendería á cantidade de 1784,56 euros e que en consecuencia, a cifra total de reintegro ascendería a 29.800,24 euros (28.015,68 euros de importe principal e 1784,56 euros de xuros de mora).

Tendo en conta que a Xunta de Goberno é o órgano competente para ditar o acordo de reintegro da subvención de referencia por canto foi o órgano concedente da mesma e é a este ao que, segundo o artigo 41.1 da Lei Xeral de Subvencións, lle compete esixir o seu reintegro, cando aprecie a existencia dalgún dos supostos que dan lugar ao mesmo.

Atendendo a todo o exposto e á vista dos informes obrantes no expediente e circunstancias indicadas, o deputado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o reintegro parcial por parte de PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, relativo á subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de

data 16 de decembro de 2016, por un importe total, unha vez engadidos os xuros de mora, de 29.800,24 euros (28.015,68 euros de importe principal e 1.784,56 euros de xuros de mora).

2º.- Notificar ao interesado o presente acordo de reintegro polo importe indicado, requiríndolle o reintegro correspondente e sinalando os prazos e forma de realización do pago.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “FORMAS TRADICIONAIS DA CERÁMICA POPULAR. SAMOS”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 1993 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Comunicación e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Formas tradicionais da cerámica popular. Samos”, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do Libro anteriormente mencionado, do que son autores D. Luis Hixinio Flores Rivas e D. Orlando Viveiro Veiga, na cantidade de trinta euros (30,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a de vinte e oito euros con oitenta e cinco céntimos (28,85€), por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicárase un desconto do trinta por cento (30 por 100).

12.- PROPOSTA DE ACORDO SOBRE SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DUNHA FUNCIONARIA INTERINA ADSCRITA AO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Por resolución da Presidencia, de 4 de outubro de 2018, para atender a circunstancia prevista no artigo 10.1. d) do Estatuto Básico do Empregado Público, de exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses; a proposta do Xefe do Servizo de Vías e Obras, de 13 de setembro de 2018 conformada polo Vicepresidente e Deputado delegado da Área de Xestión Territorial; foi nomeada como funcionaria interina, Dona Laura Santalla Castro, ao obxecto de prestar servizos como Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, adscrita

ao Servizo de Vías e Obras, tomando posesión con efectividade de data 08/10/2018 e ata o 07/04/2018, data na que será cesada.

Con data de 4 de outubro de 2018, a dita funcionaria solicita a compatibilidade para o desempeño da súa actividade profesional na empresa “Punto Kilométrico Tres Ingenieros, SLU”.

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos no que se especifica a normativa de aplicación (artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 781/1985, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime Local; Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas; Real Decreto 595/1985, de 30 de abril, polo que se desenvolve a Lei 53/1984, de 26 de decembro; Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da deputación provincial de Lugo) para resolver a dita solicitude.

Tendo en conta que, con data 17 de outubro de 2018, foi dado traslado da solicitude de compatibilidade ao Servizo de Vías e Obras para que informase sobre a mesma; e que, con data 24 de outubro de 2018, o dito Servizo informa que non cabe excluír que, a dita funcionaria poida ter que intervir en asuntos e atender a persoas físicas ou xurídicas aos que tamén puideses prestar a súa actividade profesional, incorrendo en concorrencia vedada polo artigo 12.1 da xa citada Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Tomando en consideración o Informe emitido polo Xefe da Unidade de Apoio, Coordinación e Xestión Territorial, de 9 de novembro, que foi trasladado ao Servizo de Recursos Humanos, polo Vicepresidente e Deputado Delegado de Xestión Territorial, no que se aprecia que non cabe acceder á pretensión do solicitado por Dona Laura Santalla Castro.

Considerando que, dado traslado dos informes anteriormente referidos, que constan no expediente, á interesada; no escrito de alegacións formulado, con data 15 de novembro do 2018, por Dona Laura Santalla Castro, non se desvirtúan as obxeccións sinaladas nos ditos informes para acceder á solicitude de compatibilidade.

En atención a canto antecede, na miña condición de Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.3 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), á Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Denegar a Dona Laura Santalla Castro a compatibilidade para o desempeño de actividade profesional na Empresa “Punto Kilométrico Tres Ingenieros, SLU” solicitada, coas consecuencias que desta resolución se derivan, debendo absterse de realizar calquera actividade profesional que altere a dedicación exclusiva ás funcións profesionais que lle corresponden, como funcionaria interina, na prestación de servizos como Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, e mesmo deixar de formar parte da dirección da Empresa (ou órgano similar), mentres dure o seu nomeamento pola circunstancia prevista no artigo 10.1.d) do Estatuto Básico do Empregado Público”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2013/2018-2P.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 203/2018-2P interposto por Reale Seguros Generales, S.A., fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-3201 (p.k. 2,7) debido á irrupción dun xabaril na estrada, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do Decreto de data 23 de outubro de 2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo ditado no Procedemento: Peza de Taxación de Custas 284/2017 0001, no que se acorda aprobar a taxación de custas practicada no Procedemento Abreviado nº 284/2017 por importe de 242 euros, a cuxo pagamento foi condenada a Deputación de Lugo.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, e tendo en conta a proposta do Director da Asesoría Xurídica, o ingreso da cantidade de 242 euros en concepto de custas na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Proposta sobre recursos de reposición formulados por D. Pedro Calaza Martínez, en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia; e por D. Oriol Sarmiento Díez en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, instando a modificación das bases específicas do proceso selectivo convocado para a cobertura definitiva dunha praza de “Técnico/a de xestión do medio ambiental”, correspondente á Oferta de Emprego Publico para o ano 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

Atendendo á natureza dos recursos presentados, solicitando a inclusión nas Bases Específicas do proceso selectivo convocado para a cobertura definitiva da praza de Técnico/a de Xestión medio Ambiental as titulacións de acceso de Enxeñeiros Agrónomos e Enxeñeiros

Industriais; considerando que é necesario non alterar substancialmente os prazos de execución do proceso selectivo; que é necesario reiniciar os prazos de presentación de solicitudes, mediante nova publicación da convocatoria nos Diarios Oficiais (BOE, DOG e BOP), **é urxente decidir polo órgano competente a resolución dos ditos recursos para poder dar trámite ao proceso sen dilacións innecesarias.**

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación provincial de Lugo, do 19 de outubro do 2018, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para a cobertura definitiva da praza do cadro de persoal funcionario da Deputación provincial de Lugo, denominada “*TÉCNICO/A DE XESTIÓN DO MEDIO AMBIENTAL*”, incluída dentro da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017, clasificada dentro da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/a Medio/a, Grupo A, Subgrupo A2.

Na Base 4 reguladora da dita convocatoria establecéronse as titulacións universitarias de acceso ao dito procedemento selectivo.

Para a determinación das titulacións de acceso tívose en conta o contido da sentenza nº 226/2015 do Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Lugo, de 15/12/2015, recaída no Procedemento Abreviado 85/2015, seguido a instancia do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia; confirmada en sentenza nº 135/21017, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso –Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en recurso de apelación 303/2016.

Con data 25 de novembro do 2018, tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación provincial de Lugo un escrito polo que o Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, Don Pedro Calaza Martínez, en representación deste, formula recurso, que denomina de alzada, contra as bases específicas da referida convocatoria de proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, interesando que se inclúa como titulación universitaria de acceso ao dito proceso selectivo, ademais das xa recollidas na mencionada Base 4, a de Enxeñeiro Agrónomo.

Visto que o recorrente, con independencia de que invoque inaxeitadamente o tipo de recurso, pois o que procede é o de reposición e non o de alzada; acredita a representación, a decisión orgánica colexial de interpor o recurso e que se formula dentro do prazo legalmente establecido, xa que as ditas bases, agora cuestionadas, foron publicadas no BOP de Lugo do 26 de outubro do 2018.

Por outra parte, con data 26 de novembro do 2018, tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación provincial de Lugo un escrito polo que o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, representado por Don Oriol Sarmiento Díez, formula recurso de reposición, contra as bases específicas da referida convocatoria de proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, interesando que se inclúa como titulación universitaria de acceso ao dito proceso selectivo, ademais das xa recollidas na mencionada Base 4, a de Enxeñeiro Industrial.

En atención a que é vontade inalienable do órgano que convoca este procedemento a de garantir a máxima concorrencia de aspirantes, a condición de que sexan especialistas no desempeño das funcións referidas ao medio ambiente, en liña co establecido polos artigos 23.2 e 103 da Constitución Española, como garantía de que o resultado do proceso selectivo permitirá unha cobertura adecuada da praza convocada.

Considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar o recurso do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, interposto por Don Pedro Calaza Martínez, en representación deste, para que se inclúa, dentro das Bases específicas da convocatoria do proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, a titulación universitaria de Enxeñeiro Agrónomo.

2º.- Estimar o recurso de Don Oriol Sarmiento Díez, en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, para que se inclúa, dentro das Bases específicas da convocatoria do proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, a titulación universitaria de Enxeñeiro Industrial.

3º.- Modificar as Base Específica 4, que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva da dita praza conforme ao seguinte:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	TÍTULOS ACADÉMICOS
1	TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE MEDIO AMBIENTAL	• Estar en posesión do título universitario de: a) Grado ou, se é o caso, a equivalente Licenciatura: Grado en Enxeñería Química, Grado en Bioquímica e Bioloxía, Grado en Química, Grado en Bioloxía, Grado en Biotecnoloxía, Grado en Ciencias Ambientais, Grado en Bioquímica, Grado en Enxeñería Forestal (nas súas diversas denominacións, tal como Grado en Enxeñería Forestal e do Medio Natural) e Grado en Enxeñería Agrónoma. b) Enxeñería Técnica Forestal e Enxeñería Técnica Agrícola (nas súas diversas denominacións). c) Enxeñería Industrial. d) Titulacións Universitarias recoñecidas oficialmente como equivalentes das descritas nos apartados anteriores. e) Calquera outra titulación universitaria en cuxo plan de estudos se acredite a inclusión substancial de áreas de coñecemento e materias relativas ao Medio Ambiente.

4º.- Ordenar a publicación desta modificación das Bases Específicas no BOP, así como no taboleiro de edictos do Pazo Provincial e na páxina web corporativa, para xeral coñecemento.

5º.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes, reiniciando o cómputo do mesmo con efectividade do día seguinte ao de publicación do anuncio desta ampliación das titulacións de acceso ao proceso selectivo, para garantir o dereito de participación de aquelas persoas tituladas universitarias en Enxeñería Agrónoma e Enxeñería Industrial que desexen participar”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.



15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.